

REGULAMENTO

TESES A DEBATE

1.- GLOBALIZACIÓN. A CRISE DO MODELO ECONÓMICO NEOLIBERAL E O PAPEL DO ESTADO.

- 1.1.- A Unión Europea como espazo rexional globalizado: a súa fundamentación economicista e a súa institucionalización xerárquica. O Tratado de Lisboa como formalización do modelo.
- 1.2.- O *Atlantismo* como ferramenta militar agresiva.
- 1.3.- A globalización e xerarquización e desigualdade cultural e lingüística. Monopolio informativo e antinacionalismo.
- 1.4.- Crise económica actual do modelo capitalista neoliberal e a alternativa política.
 - 1.4.1.- A opción contra as clases populares.
 - 1.4.2.- A opción a prol das nacións e das clases traballadoras.
- 1.5.- O Estado español: A contradición entre a plurinacionalidade e un modelo político que nega a autodeterminación dos pobos.

2.- O NACIONALISMO COMO ALTERNATIVA Á GLOBALIZACIÓN.

- 2.1.- Un Estatuto de Nación: O autogoberno como instrumento a prol da consciencia nacional e das clases traballadoras.
 - 2.1.1.- A economía galega e a necesidade dunha estratexia industrializadora activa
 - 2.1.2.- Sistema financeiro.
 - 2.1.3.- Sistema de financiamento.
- 2.2. A presenza do nacionalismo no Goberno galego: avances e limitacións. A necesaria simbiose Goberno-Organización.
 - 2.2.1.- As limitacións da presenza nacionalista no Goberno galego.
 - 2.2.2.- Elementos positivos da nosa actuación no Goberno.
 - 2.2.3.- A necesaria simbiose Goberno-Organización.
- 2.3. A importancia da práctica lingüística e Cultural na conformación dun espazo territorial de decisión e información.
 - 2.3.1. O nacionalismo como vangarda social no impulso do proceso de normalización lingüística e cultural. Recuperar consciencia histórica e avanzar na normalización dos usos da lingua. O papel das institucións.
 - 2.3.2. Un espazo informativo propio. Os medios de comunicación de titularidade pública e os medios privados. Responsabilidade do Goberno galego no deseño e funcionamento dunha RTVG ao servizo da sociedade galega.
- 2.4. A importancia dos símbolos nacionais para a consciencia de sermos unha nación diferente: os compromisos institucionais e das organizacións sociais no seu espallamento.
- 2.5.- A importancia da autoorganización política e social da nación.
 - 2.5.1.- A función da UPG no conxunto do movemento do nacionalismo.
 - 2.5.2.- Reciprocidade das partes para o avance do proceso de autodeterminación.
- 2.6.- Nacionalismo e internacionalismo. Papel transformador do nacionalismo, condición necesaria para o desenvolvemento das potencialidades do pobo galego e establecemento de relacións iguais entre nacións. O Nacionalismo como panca pacifista e anti-imperialista.

3.- ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS.

REGULAMENTO

CAPÍTULO I.- Dos representantes e da Presidencia do Congreso.

ARTIGO 1.- Teñen dereito a participar no Congreso da UPG todas e todos os afiliados do Partido e da UMG coas cotizacións ao día. Todos terán os mesmos dereitos e deberes.

ARTIGO 2.- Os e as simpatizantes poderán asistir, sen voz nin voto, a todas as sesións, tanto en comisións como plenarias, agás a de elección do Comité Central (CC) do Partido.

ARTIGO 3.-

1. O Congreso estará presidido por unha Mesa composta polo Presidente do Partido, polo Secretario ou Secretaria Xeral e polo Comité Central, que poderá designar unha delegación. Serán funcións da Mesa presidir, moderar e levantar acta do Congreso.

2. Se un membro da Mesa participa nos debates deberá abandonala, non podendo reintegrarse á mesma mentres dure a discusión do punto en cuestión.

CAPÍTULO II.- Do procedemento para a elaboración das Teses e para a proposición de emendas.

ARTIGO 4.- As teses serán elaboradas polas comisións nomeadas a tal efecto polo CC que, despois de aprobadas, as distribuirá entre a militancia.

ARTIGO 5.- Os membros do CC que manteñan discrepancias verbo das Teses aprobadas maioritariamente por aquel non quedarán vinculados á súa defensa, podendo presentar libremente propostas alternativas para a súa discusión no Congreso, sempre que cumpran os requisitos estabelecidos no regulamento para a tramitación de emendas.

ARTIGO 6.- As Teses distribuídas polo CC discutiránse en todas as Asembleas de Zona do Partido, convocadas expresamente con este motivo.

ARTIGO 7.-

1. As Asembleas de Zona poderán emendar as Teses propostas polo CC, precisando un mínimo do vinte e cinco por cento dos votos dos presentes. Serán emendas á totalidade as que propoñan a retirada da tese ou a súa substitución por un texto alternativo.

2. O CC poderá distribuír entre a militancia as emendas que, a criterio do mesmo, requiran estudarse con tempo suficiente. En todo caso, procurárase a distribución, cun mínimo de antelación á celebración do Congreso, das emendas á totalidade con textos alternativos.

CAPÍTULO III. Das Comisións do Congreso.

ARTIGO 8.- O Congreso estará dividido en catro comisións de estrutura e composición invariábel durante o desenvolvemento do mesmo, á marxe das Teses obxectivo de debate.

ARTIGO 9.- A distribución dos congresistas entre as distintas comisións farase de acordo coas seguintes normas:

- 1 *Primeira comisión: Os que teñan tarxeta con número acabado en 1 ou 2.*
2 *Segunda comisión. Os que teñan tarxeta con número acabado en 3 ou 4.*
3 *Terceira comisión: Os que teñan tarxeta con numero acabado en 5, 6 ou 7.*
4 *Cuarta comisión: Os que teñan tarxeta con número acabado en 8, 9 ou 0.*

5
6

7 **ARTIGO 10.-**

8 1. *Cada comisión estará presidida por unha Mesa composta por un presidente, un*
9 *vicepresidente e un secretario. O presidente será designado polo CC entre os seus mem-*
10 *bros, e o vicepresidente e secretario elixidos pola propia comisión. Corresponde á Mesa a*
11 *moderación dos debates, sendo función específica do secretario levantar acta dos acordos*
12 *tomados.*

13 2. *En cada comisión haberá tamén un representante do CC, coa misión específica*
14 *de defender as Teses aprobadas polo mesmo.*

15 3. *A presidencia do Congreso garantirá a defensa das distintas emendas en cada*
16 *unha das comisións, sempre que houber quen quixer defendelas.*

17

18 **ARTIGO 11.-** *Para a súa defensa no pleno do Congreso, as distintas comisións elixirán un*
19 *ou unha portavoz por cada unha das emendas que obteñan o mínimo do vinte e cinco por*
20 *cento dos votos emitidos.*

21

22 **CAPÍTULO IV. Dos debates e da votación nos plenos e comisións.**

23

24 **ARTIGO 12.-** *Os debates axustaranse á Orde do Día previamente establecida para cada*
25 *sesión, acomodándose o seu desenvolvemento á normativa seguinte:*

26 1. *A presidencia dará a coñecer o relator ou relatores encargados da defensa da*
27 *tese obxecto de debate, así como os ou as portavoces das emendas presentadas. Nos*
28 *debates en comisións poderán intervir, tanto a prol como en contra, calquera congresis-*
29 *ta, mesmo que non for relator nin portavoz, sempre que o solicitar da presidencia. Esta*
30 *poderá limitar o tempo das intervencións, segundo aconselle o desenvolvemento do*
31 *debate. As ou os emendantes nos plenos intervirán desde a mesma tribuna que os defen-*
32 *sosres da tese.*

33 2. *Por cada emenda presentada abrirase unha quenda de intervencións a favor e*
34 *outro en contra, seguidos, se for necesario, de cadansúa quenda de réplica.*

35 3. *Ningún congresista poderá intervir sen ter pedido e obtido da presidencia o uso*
36 *da palabra.*

37 4. *As emendas á totalidade discutiranse en primeiro lugar, comezando por aquelas*
38 *que defenderen a retirada da tese. A continuación debateranse as que propuxeren un texto*
39 *alternativo. Se algunha destas saír aprobada, substituirá a tese orixinal, podendo os con-*
40 *gresistas manter como emendas aos distintos apartados o texto orixinal da tese aprobada*
41 *polo CC.*

42 5. *Concluído o debate e votación das emendas á totalidade pasarase á discusión*
43 *da tese aprobada polo CC ou, no caso do pleno, daquela que a substitúa. O debate e vota-*
44 *ción comezará por aquelas emendas que máis de afasten da tese aprobada polo CC.*

45 6. *Durante a discusión dun tema a presidencia poderá admitir novas emendas que*
46 *se presenten nese momento por algún congresista, sempre que as mesmas tendan a aca-*
47 *dar un acordo por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto da tese. Tamén*
48 *se admitirán emendas que tiveren por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas,*
49 *terminolóxicas ou gramaticais. Deberán presentarse por escrito e asinadas pola autora ou*
50 *autor.*

1 7. Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá o correspondente da tese.
2 Se todas foren rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal da mesma.

3 8. Tamén se considerarán aprobadas as emendas cando, admitidas polo CC antes
4 de se iniciar o debate en comisión, ningún congresista manifestar a intención de manter o
5 texto orixinal da tese.

6 9. A presidencia do Congreso poderá ordenar os debates por materias ou por gru-
7 pos de emendas cando así o aconsellar a complexidade, homoxeneidade ou a intercone-
8 xión dos temas.

9 10. Entenderase aprobado por asentimento o texto da tese ao que non se presente
10 ningunha emenda.

11
12 **ARTIGO 13.-** As votacións realizaranse polo procedemento de man alzada, exhibindo a
13 tarxeta de congresista, votando primeiro os que aproben, a continuación os que desapro-
14 ben e finalmente os que se absteñan. No pleno serán aprobadas as emendas que acada-
15 ren, cando menos, a maioría simple.

16
17 **ARTIGO 14.-** Cada tese someterase a unha decisión final do pleno do Congreso, que a
18 aprobará ou a rexeitará, no seu conxunto, nunha soa votación.

19
20 **CAPÍTULO V. Da elección dos cargos estatutarios.**

21
22 **ARTIGO 15.-** A elección e composición do CC e a elección do Presidente do Partido rea-
23 lizarase segundo o seguinte procedemento.

24
25 1. Poden ser candidatos e electores todos e todas as militantes en pleno exercicio
26 do dereito que lles recoñece o artigo "9.d" dos vixentes Estatutos.

27 2. As e os candidatos poderán ser presentados no transcurso das Asembleas de
28 Zona que se celebren con motivo da preparación do Congreso e os seus nomes e motivos
29 da candidatura serán remitidos por escrito a través da Secretaría de Zona ao CC.

30 3. O CC, comprobando que as e os candidatos reúnen as condicións requiridas
31 nos Estatutos para seren válidos, confeccionará coas propostas emanadas das Asembleas
32 de Zona e coas por el mesmo promovidas, unha lista de candidatos e candidatas á
33 Presidencia e outra ao CC do Partido, especificando, neste último caso, a zona e sector de
34 actividade onde os e as candidatas desempeñan o seu labor militante.

35 4. Ante a Mesa presidencial do Congreso da UPG procederase á votación secreta
36 para a elección do CC e do Presidente do Partido, anotándose os electores que exerzan o
37 seu dereito. Cada militante sinalará a súa opción entre os candidatos propostos e dentro
38 das prazas prefixadas polo CC saínte. A fixación do número de membros do CC respon-
39 derá a un criterio de equilibrio entre o número de compoñentes do máximo órgano de
40 dirección do Partido e o número total de militantes deste, así como a atención suficiente
41 das necesidades políticas e organizativas colectivas.

42 5. O escrutinio será público e farase seguidamente de concluída a votación. O
43 novo CC integrarase polas candidatas e candidatos que obtiveren o maior número de votos
44 até completar o número de persoas que fixara o CC saínte.

45 6. Previa á proclamación dos candidatos e contra a proclamación dos resultados
46 das votacións pola Mesa do Congreso poderán interporse reclamacións por calquera mili-
47 tante presente, resolvendo definitivamente o Pleno do Congreso. A tal efecto será de apli-
48 cación o procedemento establecido no Regulamento para os debates e as votacións.

49 7. Unha vez electo, o novo CC reunirse de inmediato, procedendo a escoller un
50 Secretario ou Secretaria Xeral, que será sometido a ratificación polo Congreso.

1 8. Os Secretarios Políticos de Zona elixíranse na Asemblea de Zona no período pre-
2 congresual e terán que ser ratificados no Congreso, entendéndose como tal a súa elección
3 como novos membros do Comité Central.

4
5 **Disposicións adicionais**

6
7 1ª.- A acreditación ao inicio do Congreso farase mediante a presentación do carné do
8 Partido ou outro documento que certifique a identidade da ou do militante.

9 2ª.- Será obrigatoria a presentación de tarxetas que se expedirán na Mesa de acreditación
10 para participar nas sesións do Congreso.

11 3ª.- Calquera membro do Partido ten dereito a solicitar por escrito, seguindo o procede-
12 mento deste Regulamento, a inclusión na Orde do Día dos puntos que coide deben tomar-
13 se en consideración. De non se incluíren, o interesado poderá esixir unha aclaración
14 pública na primeira sesión preliminar á de apertura solemne do Congreso, na que se pro-
15 cederá á aprobación polo pleno do Regulamento e da Orde do Día.

16 4ª.- As emendas deberán presentarse no modelo que se remitirá ao efecto.

17
18 **Disposicións finais**

19
20 1ª.- Existirá un servizo de orde permanente e as súas decisións serán acatadas por todas e
21 todos os asistentes.

22 2ª.- Os horarios establecidos respectaranse de forma escrupulosa.

23 3ª.- Está facultada a presidencia do Congreso para interpretar ou suplir estas normas nos
24 casos de dúbida ou omisión.

TESES A DEBATE

1.- GLOBALIZACIÓN. A CRISE DO MODELO ECONÓMICO NEOLIBERAL E O PAPEL DO ESTADO.

Nos últimos anos intensificáronse os intercambios de mercadorías e os fluxos internacionais de capitais e cada vez é maior a tensión entre a territorialización do Estado e a transnacionalización da economía. Isto, que é inherente á propia lóxica do sistema económico capitalista, adopta hoxe formas novas de encubrir as enormes desigualdades en materia de acceso a recursos, calidade de vida e poder, tanto dentro dos Estados como entre Estados. Nisto se ampara quen nos pretende convencer da caducidade das teses clásicas sobre o imperialismo, nas que a nosa organización acredita, co reclamo de miraxes conxunturais que se nos presentan como a superación do Estado-Nación e da loita de clases e a súa substitución por unha rede difusa de microconflitos que teñen en común o desentendemento por artellar un proxecto colectivo alternativo ao actual estado de cousas, aínda que unha e outra vez se apele ao “outro mundo é posíbel”, nunha especie de pregaría que confía á salvación a un milagre espontáneo, toda vez que as ferramentas e campos de loita tradicionais son desbotados e desqualificados.

Fronte a isto, hai a tentación de rexeitar participar en ditas confrontacións locais ou globais, ou retraerse sobre aspectos subxacentes e retóricas ideolóxicas, nunha linguaxe que non conecta cunha sociedade que só é consciente de certos resultados negativos da globalización que inciden directamente sobre as súas vidas. Isto provoca un afastamento dos que isto sosteñen a respecto das plataformas e canles de participación social e electoral viábeis por consideraren que non van ao fondo do problema. En definitiva, que non chaman as cousas polo seu nome.

Mais a nosa organización nunca foi insensíbel ás mutacións socioeconómicas e socioculturais nas que lle tocou historicamente actuar e moito menos se recluíu dogmáticamente en esquematismos mecanicistas. A globalización presenta diversas consecuencias que os chamados movementos antiglobalización acertan en denunciar desde as privatizacións, a deslocalización de empresas, a desregulación laboral, a destrución do medio natural, a uniformización ideolóxica e cultural, etc. Nisto non só coincidimos con eles, senón que forma parte da nosa bagaxe de combate; só que desde a UPG non queremos perder de vista, no medio da multitude de problemáticas específicas que esixen resposta, a necesidade de vertebrar alternativas, tanto no plano nacional como internacional, que de seguro imporá xenerosidade na conformación dos diferentes bloques históricos para desafiar con éxito os actuais amos do mundo.

Pártese do suposto de que se dilúen as diferenzas entre o centro e a periferia. É máis, proclámase a desaparición de calquera localización do poder, favorecendo con este proceso -segundo estes analistas- unha progresiva e irreversible democratización e un xurdimento dunha cidadanía cosmopolita con iguais dereitos e deberes en todo o mundo. Neste marco, gábanse as canles de intervención alternativas aos partidos e sindicatos, que son tratados como cadáveres ilustres, e contra eles érguese unha mitoloxía altermundista que se mira no espello das grandes manifestacións que se celebraron desde Seattle, diante dos diferentes cumios mundiais ou experiencias locais de xestión innovadoras (Chiapas, Porto Alegre...).

1 Fronte, a isto tense contraposto as concepcións clásicas do marxismo sobre o Estado como
2 instrumento das clases dominantes, e lonxe de soste o seu debilitamento, pola contra
3 acentúase o seu labor disciplinario, que o converte nun dos axentes determinantes para
4 executar os proxectos de globalización e combater e someter calquera resistencia. Aquí si
5 que se afirma a localización do poder: dísenos que nos EUA, sen os cales a globalización
6 sería imposible, pois é o resultado da iniciativa política e mesmo militar deste país. Quen
7 isto defende entende que non hai nada novo baixo o sol do imperialismo. Un sol que os
8 cega para ver a complexidade de matices que leva a que, aínda tendo razón no fondo, non
9 perciban as debilidades e contradicións do momento actual, que mesmo nun contexto de
10 poder unipolar como o que vivimos fai que o intervencionismo militar non consiga cap-
11 tar o consenso que no pasado lle permitiu operar de xeito máis descarado en certas áreas
12 do planeta como é o caso do seu chamado “patio traseiro” no que hoxe se experimentan
13 diversos retos á hexemonía norteamericana.

14
15 As perspectivas anteriores teñen efectos disuasorios sobre o obxectivo fundamental fixado
16 pola nosa organización e que serviría neste momento para facer fronte ás devanditas conse-
17 cuencias da globalización. En definitiva, a conquista do Estado propio. Como nacionalistas,
18 sabemos que a soberanía sempre é relativa e que en calquera caso máis que unha posesión,
19 é unha relación. Neste contexto de globalización, a ecuación primordial que debemos resol-
20 ver é como incrementar a soberanía para expandir a democracia, acrecentar o benestar social
21 e o desenvolvemento sustentábel cuns deseños de política económica en función dos intere-
22 ses da maioría da poboación galega. A réplica aos efectos perniciosos da globalización non
23 debe diluírse na fragmentación sectorial ou local senón que esixe intervir nos movementos
24 sociais e nas súas pequenas loitas co obxectivo de pór en evidencia a necesidade de constru-
25 ir unha forza suficiente que permita mudar o status xurídico e político do país de cara a con-
26 frontar nunha mellor posición a mundialización na que vivimos.

27
28 O capitalismo realmente existente, moi diferente da que presenciamos hai unhas tres
29 décadas, ten un estrato dominante: o “capital oligopolista-financeiro”. Trátase de capitalis-
30 tas que teñen un acceso privilexiado ao capital preciso para o desenvolvemento das súas
31 actividades en diferentes sectores da economía (producción industrial, comercialización,
32 servizos financeiros, I+D). Lograron, con maior ou menor éxito, a redución dos Estados ao
33 status dun instrumento ao seu servizo. Teñen, pois, un poder fundamental para conformar
34 os mercados, regulándoos no seu beneficio. Este oligopolio financeiro ostenta o control
35 duns 100 entre os maiores grupos financeiros, industriais, agro-industriais e de transporte.
36 Non se rexe polas leis da competencia, senón por unha mestura de acordos competitivos
37 e oligopolistas, que viñeron a se cualificar como o “consenso”. Isto converte nunha farsa
38 o “libre mercado”, e de feito, impide a toma de decisión autónoma e soberana dos millóns
39 de empresas pequenas e medianas. Desde esta perspectiva, nunca historicamente o capi-
40 talismo, como sistema, foi tan “libre” e, así mesmo, nunca criou tanta desigualdade,
41 pobreza e destrución. O grupo oligopolista controla os mercados financeiros e a econo-
42 mía global, tratando de impor unha exacción significativa sobre a plusvalía xerada no seu
43 beneficio. Aparentemente, esta exacción é producida por mecanismos de mercado. Mais
44 isto é só unha aparencia, constituíndo por si propio este **monopolio social e político** o
45 medio real a través do cal ten lugar semellante incautación de recursos.

46
47 A “**financiarización**” do sistema, como consecuencia da tendencia ao estancamento do
48 capitalismo senil, busca saídas nos sectores improdutivos dos inxentes recursos existentes.
49 **Non é mais que a expresión da nova política económica neoliberal orientada polos inte-**
50 **reses deste capital oligopolista-financeiro.** O case monopolio que isto representa posibi-

1 litou ás altas finanzas da *Tríade* (EUA, Europa occidental, Xapón) a toma do control do
2 mercado financeiro globalizado, desposuíndo os Ministros de Finanzas e os Bancos
3 Centrais da súa función como autoridades con capacidade para determinaren os tipos de
4 xuro por si propios en virtude das súas decisións.

5
6 Enfrontadas ao risco en ascenso dunha crise financeira mundial dunha escala incontrolá-
7 bel, as políticas económicas e sociais executadas polos Estados, aliñadas coa dominación
8 das altas finanzas, están configuradas para transferiren o risco desde o capital aos trabaja-
9 dores. Máis unha vez, os medios son os coñecidos: a reconstitución dun significativo exér-
10 cito de reserva de desempregados, a inseguridade no emprego, a diminución dos dereitos
11 dos traballadores e dos beneficios sociais e a substitución dun sistema de pensións aban-
12 donadas á inflación con diversos esquemas de financiamento financeiro privado.

13
14 A nivel global, o sistema conduce a unha polarización acentuada, a unha dependencia
15 permanente dos países do Sur cualificados coma “emerxentes” (China, India, Sueste asiá-
16 tico e América Latina) e á destrución (*case xenocidio*) dos países alcumados coma “mar-
17 xinados” (África, particularmente), e en xeral, a toda negación de soberanía que poda pór
18 en cuestión os poderes exclusivos e ilimitados do capitalismo oligopolista-financeiro.

19
20 Nas circunstancias actuais, reflectidas no neoliberalismo de hoxe en día, as altas finanzas
21 tiveron éxito na domesticación do Estado, ao reduci-lo ao status dun instrumento ao seu ser-
22 vizo. Cuestións como a privatización sen límites, a “desregulación” do mercado (entendida
23 como a abolición da intervención reguladora estatal, abdicando o control dos mercados nas
24 altas finanzas), e o esvaecemento do Estado, son orquestradas e organizadas nun efectivo e
25 real complexo doutrinal e ideolóxico. O esgotamento –ou mellor dito, o colapso– dos siste-
26 mas posbélicos (*Welfare State*, socialismo realmente existente e movementos populares de
27 liberación no Terceiro Mundo) reverteron a correlación de forzas a prol do capital, atopán-
28 dose as altas finanzas capaces por si propias de alcanzaren e colleren o posto de mando.

29
30 Os poderes dominantes do sistema teñen como obxectivo central a explotación salvaxe
31 dos recursos naturais e humanos da maior parte dos Estados e nacións do mundo na busca
32 de incrementar o excedente producido no seu exclusivo beneficio. A situación laboral nos
33 milleiros de *zonas francas* espalladas polo mundo representa auténticas *reservas* transna-
34 cionalizadas, onde mulleres e nenos sofren unha explotación que en nada desmerece a
35 dos comezos da primeira revolución industrial. O capital goza de todas as “liberdades” de
36 investimento, de repatriación de beneficios, de utilización dos prezos de transferencia
37 entre filiais a través do comercio “internacional” para maximizar o lucro. Son capaces de
38 manexar no seu interese os taxas de xuro e de cambio para obteren unha exacción sobre
39 a plusvalía creada. Utilizan un conxunto de organizacións “internacionais”, como simples
40 instrumentos ao seu servizo, para imporen unhas políticas económicas ultraliberais, guía-
41 das estritamente polo interese da plutocracia financeira, impedindo un desenvolvemento
42 autocentrado do conxunto de pobos soberanos, cristalizando nunha soberanía limitada,
43 non real. Pretende unha homoxeneización e uniformización dos valores culturais e lin-
44 güísticos a nivel mundial, desprezando toda diversidade e pluralismo. Cada vez é máis
45 patente o seu carácter antidemocrático real. Precisa dunha intensificación e extensión do
46 militarismo en última instancia para alcanzar os seus obxectivos globais, masacrando
47 pobos enteiros e desprezando a soberanía dos mesmos.

48
49 Actualmente, somos testemuñas da entrada en crise desta “financiarización” do sistema.
50 Desde comezos do século asistimos a crises cada vez máis recorrentes, máis intensas, que

1 afectan en grao ascendente a economía real, acadando un nivel global. Así o demostra a
2 crise en curso logo do explotar da burbulla inmobiliaria comezada nos EUA, que se mani-
3 festa xa nun afondamento do estancamento económico. Logo do colapso do mercado
4 hipotecario lixo, a situación de pánico producida espállase de maneira descontrolada non
5 só a través dos Estados senón a través dos propios mercados financeiros. Infecta un sector
6 tras doutro e, finalmente, alcanza determinados sectores produtivos, particularmente os
7 sectores da construción residencial e inmobiliario, así como as actividades industriais e de
8 servizos con eles relacionados. Provoca unha desaceleración do crecemento, facendo
9 avanzar a fase descendente do ciclo cara a unha situación de recesión, cuxa duración é
10 un motivo de preocupación principal polos diferentes gobernos. Os efectos negativos
11 recaerán de maneira principal na clase traballadora e os sectores máis desfavorecidos.

12

13 **1.1.- A Unión Europea como espazo rexional globalizado: a súa fundamentación econo-**
14 **micista e a súa institucionalización xerárquica. O Tratado de Lisboa como formalización**
15 **do modelo.**

16

17 O proceso de construción da Unión Europea (UE) é a concreción en Europa da dialéctica
18 mundialización-rexionalización que caracteriza a actual etapa do capitalismo até o punto
19 de que hoxe a Unión Europea funciona como a rexión máis perfectamente globalizada do
20 mundo.

21

22 Non imos reiterar aquí as análises formuladas polo Partido a respecto do proceso europeo.
23 Limitarémonos a someter a debate as circunstancias que lle tocaron vivir á Unión Europea
24 nestes últimos catro anos e as perspectivas que se abren co fracaso do Tratado
25 Constitucional e o posterior rexeitamento polo pobo irlandés do seu sucedáneo.

26

27 O “Tratado de Lisboa” é a copia do Tratado Constitucional, ao que mudaron o nome para
28 tentar enganar a poboación europea, o que representa un auténtico fraude político, dado
29 que ese tratado debía ser abandonado, tendo en conta os resultados dos referendos de
30 Francia e os Países Baixos, en 2005.

31

32 Este avance na axenda neoliberal iniciada no cumio de Maastricht, que tivo a continuación
33 nos Tratados posteriores, afonda no neoliberalismo e reduce ao mínimo os dereitos das clases
34 traballadoras, para dar resposta ao proxecto do grande capital europeo. Pon en cuestión o des-
35 pedimento sen causa xusta, a negociación colectiva ou a limitación horaria da xornada labo-
36 ral ou elimina o concepto de servizo público, substituíndoo polos denominados Servizos de
37 Interese Económico Xeral a fin de suxeitar a maioría dos servizos públicos aos intereses do
38 mercado para facilitar a apropiación dos mesmos polos grupos privados. Deste xeito, institu-
39 cionalízase a Estratexia de Lisboa e o Pacto de Estabilidade co que implica de empeoramen-
40 to das condicións de vida das clases traballadoras, asúmese a teoría de que é o mesmo cubrir
41 os déficits das finanzas públicas con endebedamento que con impostos, e ampliáanse as com-
42 petencias do Banco Central Europeo, sen control democrático algún.

43

44 O “Tratado de Lisboa” vai fixar competencias exclusivas ou compartidas cos Estados nos
45 diferentes sectores da actividade económica, que inclúe o establecemento das regras de
46 competencia necesarias ao funcionamento do mercado interno, o que vai socavar a capa-
47 cidade de planificar ou intervir na economía pola diferentes nacións ou Estados.

48

49 A Comunidade Económica Europea primeiro e a Unión Europea despois, construíronse
50 mediante acordos entre Estados, polo que resulta lóxico que o novo Tratado só recoñeza

1 estes como suxeitos de dereitos políticos, negando os mesmos as nacións que carecen de
2 aparello de Estado. Así, o “Tratado de Lisboa”, esixe o respecto á “integridade territorial”
3 de cada Estado, polo que a plasmación práctica do dereito de autodeterminación queda
4 impedida. Ademais, representa un paso atrás de primeira orde no recoñecemento na esfe-
5 ra internacional da lingua galega. As únicas linguas oficiais son as oficiais dos estados, é
6 dicir, o corsé estatal determina a existencia ou non dun idioma.

7
8 A arquitectura institucional que se articula co Tratado de Lisboa é unha das expresións
9 máis claras do xeito no que os neoliberais entenden a forma de organización do goberno,
10 algo que está directamente vinculado á súa teoría e ao carácter do Estado. Os teóricos do
11 neoliberalismo consideran un luxo o goberno da maioría, polo que favorecen formas de
12 goberno dirixidas por elites e por expertos. Á par, amosan unha forte preferencia polo
13 exercicio do goberno mediante decretos ditados polo poder executivo e decisións xudi-
14 ciais en lugar das adoptadas en sé parlamentaria.

15
16 O non de franceses e holandeses ao Tratado Constitucional, e posteriormente dos irlandese-
17 ses ao Tratado de Lisboa, coa conseguente parálise institucional do proceso dános novos
18 folgos para reforzar o combate social e político na defensa dun novo rumbo para o
19 Continente. Somos conscientes de que as elites europeas van perseverar en continuar co
20 proxecto, a mesma receita que aplicaron ao Tratado Constitucional aplicarana co de
21 Lisboa. Agora ben, para aqueles que apostamos por mudar o curso do proceso europeo,
22 ábreanse perspectivas que cumpre aproveitar.

23 24 **1.2.- O Atlantismo como ferramenta militar agresiva.**

25
26 O atlantismo é a ferramenta usada polos EUA para dar lexitimidade e apoio á súa domi-
27 nación imperialista, empregando para iso a súa influencia militar, baixo epígrafes de *gue-*
28 *rras preventivas*, ou de *incursións humanitarias*, sen esquecermos os ataques ao suposto
29 terrorismo internacional baixo o amparo ou a desidia das Nacións Unidas. Así, actualmen-
30 te, a ONU está subordinada aos EUA e non existe unha política de defensa propia da UE.

31
32 Esta ferramenta espalla a ideoloxía do unipolarismo dominado polos EUA como orde polí-
33 tica natural por medio da forza, e da manipulación perversa de conceptos como liberda-
34 de, democracia e dereitos humanos. Baixo discursos de liberación, levan a cabo dominio,
35 opresión e violencia.

36
37 Coa desaparición da URSS e, por ende, dos Estados socialistas europeos, a apoloxía do sis-
38 tema capitalista é máis obvia e directa. Botando man do neoliberalismo contra a sobera-
39 nía nacional dos pobos, nun marco europeo que politicamente está a virar cada vez máis
40 á dereita co consecuente efecto no enfoque económico e social, recuperan vellos inimi-
41 gos, o caso de Rusia e dos seus posíbeis aliados, e provocan un novo escenario que com-
42 plica o futuro das relacións entre Rusia e unha Unión Europea cunha importante depen-
43 dencia enerxética desta.

44
45 Actualmente, a fase da suposta crise transatlántica que tivo lugar tras a guerra do Iraq está
46 rematada, e tanto Francia como Alemaña parecen dispostos a recompor as relacións entre
47 os EUA e a UE, configurando un novo escenario onde o atlantismo recupera a súa forza
48 inicial, constituíndo unha verdadeira ameaza político-militar contra Rusia, China ou novas
49 alianzas que poidan xurdir para enfrontarse ao hexemonismo dos EUA, no camiño dun
50 mundo multipolar.

1 Perante esta situación, a UPG forma parte das voces que a nivel internacional se posicionan
2 contra o atlantismo e a guerra preventiva pulando por un cambio na actuación da Organi-
3 zación das Nacións Unidas que respecte a soberanía das nacións e sexa quen de mediar nos
4 conflitos, restablecer a paz e a democracia, sen botar man de agresións de tipo imperialista.

6 **1.3.- A globalización e xerarquización e desigualdade cultural e lingüística. Monopolio** 7 **informativo e antinacionalismo.**

9 A globalización implica a imposición a toda a Humanidade dun único modelo cultural, o
10 do centro do Imperio. É, por tanto, un proceso de aniquilación da diversidade e dos pobos
11 considerados bárbaros desde a perspectiva dos globalizadores. Aquí non hai termos
12 medios posíbeis: hai quen globaliza e hai quen é globalizado ou, por dicilo en termos clá-
13 sicos e cientificamente máis rigorosos, hai quen coloniza e hai quen é colonizado.

15 Mais a imposición dun único modelo cultural, o norteamericano, a todo o planeta imprime
16 na globalización as súas dúas marcas máis características: é un proceso que só pode
17 ser bendicido desde o irracionalismo e é un proceso que atenta contra a forma en que se
18 concreta a existencia da Humanidade, que é inherentemente diversa e, por tanto, imposí-
19 bel de ser reducida a un único *estándar* cultural ou lingüístico.

21 Tan irracional, e condenado a fracasar, era o delirante chauvinismo dun III Reich que se
22 prometía a si mesmo durar un milenio como o é o soño dunha globalización que aspira a
23 que o planeta enteiro vibre coas barras e as estrelas da bandeira norteamericana e vaia
24 asumindo con naturalidade que o mellor é arrombar as linguas *rexionais* para abrazarmos
25 o inglés como único idioma mundial.

27 A globalización concrétese no dominio dun Imperio con centro en Washington –son puro
28 idealismo as teses que apuntan a un Imperio descentralizado e, por tanto, sen ningunha
29 matriz nacional- e logo na existencia de entidades subimperiais –ou terminais do imperio-
30 que tamén exercen unha acción colonizadora nos seus respectivos espazos territoriais, no
31 noso caso concreto, a Unión Europea e o Estado español. A globalización é un proceso
32 xerarquizado. Galiza, como nación sen Estado, padécea duplamente. Sofre o Imperio e
33 sofre tamén a súa terminal española.

35 O monopolio informativo é o correlato no campo da comunicación de masas da forma
36 monopolística en que se presenta a propiedade dos medios de produción nos sectores
37 estratéxicos do capitalismo. Os medios acaban formando parte, como apéndices, de gran-
38 des conglomerados financeiros-industriais. Reproducen a lóxica do grande capital transna-
39 cionalizado e, en último termo, reproducen a lóxica da globalización.

41 Non por acaso é o nacionalismo a besta negra do aparato mediático da globalización.
42 Identifican nos dereitos dos pobos a antítese do seu proxecto uniformizador. Non están
43 dispostos nin sequera a contemplar hipóteses pactistas. As linguas centrais –inglés, espa-
44 ñol– teñen que imporse aínda que sexa contra a vontade da maioría dos eventuais consu-
45 midores dos seus produtos. A globalización exprésase con dúas voces. Os falcóns téñeno
46 claro: ao inimigo –o nacionalismo, o galego–, nin auga. As pombas, tamén: ao inimigo hai
47 que domesticalo, desnacionalizalo, desnaturalizalo.

49 O nacionalismo debe actuar con plena consciencia de que a batalla cultural, lingüística e
50 informativa contra a globalización son vitais na procura dunha democracia en Galiza que

1 merece tal nome. O nacionalismo debe actuar con plena consciencia de que a globaliza-
2 ción é intrinsecamente negativa e de que non é posíbel unha globalización benigna nin
3 de rostro humano.

4

5 **1.4.- Crise económica actual do modelo capitalista neoliberal e a alternativa política.**

6

7 **1.4.1.- A opción contra as clases populares.**

8

9 Hoxe podemos ver como os EUA adoptan medidas totalmente opostas ás que para o con-
10 xunto da economía mundial ditan o Banco Mundial e o FMI. E observamos estupefactos
11 como despois de varias intervencións na crise do seu sistema de préstamos do sector
12 inmobiliario, o propio goberno, co apoio das dúas cámaras, dispón diñeiro por tempo
13 indeterminado para axudar os bancos en apuros, e no Reino Unido nacionalízase o banco
14 Northern Rock. U-la liberdade para que o mercado funcione coas súas propias regras?
15 Curiosamente fronte a estas actuacións outros gobernos, como o Estado español, seguen
16 ao pé da letra as liñas de actuación da ortodoxia neoliberal.

17

18 Comprobamos que as directrices económicas e monetarias ditadas ao longo dos últimos
19 decenios desde os organismos internacionais que rexen a política económica son axeita-
20 das só cando a súa aplicación favorece os intereses da política e da economía norteamer-
21 ricana; e o mesmo podemos dicir de determinados principios: democracia, dereitos huma-
22 nos, dereitos dos pobos, etc.... Serán necesarios ou non en función dos intereses e non
23 todos os casos son iguais: pode e debe apoiarse a independencia de Kosovo pero non se
24 debe facer o mesmo en Osetia do Sur; seguimos condenando o balado de Berlín desapa-
25 recido hai vinte anos, pero negamos a existencia do de Cixordania; queremos converter
26 os chineses e os indios en consumidores, pero acusámoslos de ser responsábeis da com-
27 plexa situación ecolóxica do planeta polo seu afán consumista.

28

29 Está claro que o capitalismo, nas súas diversas variantes, nunca adoptou medidas políticas
30 ou económicas que busquen solucións globais aos problemas da humanidade, das clases
31 traballadoras e dos pobos. Así, as medidas que se nos anuncian son para seguir afondan-
32 do nas desigualdades e na inxustiza.

33

34 Na súa versión radical seguirá o uso directo da forza militar cando alguén non se prega
35 aos desexos do imperio, chámese Iraq, Afganistán, ou calquera outro que poida pasar a
36 formar parte do eixe do mal en función dos intereses xeoestratéxicos definidos pola Casa
37 Branca, aumentando as medidas proteccionistas para a economía norteamericana, e eli-
38 minando as poucas barreiras de defensa das economías e culturas nacionais e dos servi-
39 zos públicos, co obxecto de permitir unha maior globalización da economía e de propa-
40 gar máis doadamente os valores culturais norteamericanos.

41

42 E na versión civilizada, proseguirá o comportamento de comparsa de estruturas como a
43 Unión Europea, cunha dura competencia entre os gobernos que queiran emular no fondo
44 e nas formas ao señor ianqui, promovendo e aplicando sen rubor medidas como a direc-
45 tiva das 65 horas de traballo e de desregulación das relacións laborais, a directiva contra
46 a inmigración, a directiva sobre os servizos, redución de impostos directos.... e outros que
47 só diferirán nas formas e agocharán o seu compromiso de aplicación de todas esas medi-
48 das regresivas tanto no económico, como no político e no social, baixo unha eficaz polí-
49 tica de xestos dirixidos aos sectores das clases medias supostamente cunha maior forma-
50 ción intelectual e, por tanto, máis propensos a seren engaiolados.

1 1.4.2.- A opción a prol das nacións e das clases traballadoras.

2

3 A UPG mantivo sempre como eixes da súa actuación a fusión entre a realidade nacional
4 de Galiza e a realidade das súas clases traballadoras, fuxindo de dogmatismos e da impor-
5 tación de modelos de actuación política, sen que isto significase un desprezo por outras
6 experiencias. Precisamente por isto analizamos a necesidade da simbiose entre o marxis-
7 mo e o nacionalismo.

8

9 No contexto actual esta análise amósase, se cabe, máis vixente ca nunca. A contradición prin-
10 cipal segue a ser a que se establece entre nacionalismo e imperialismo. Isto é, a dialéctica
11 entre os intereses do capital transnacional e a loita dos pobos na defensa da súa soberanía.

12

13 Esta realidade afecta non só as nacións que, como Galiza, carecen de Estado propio, senón
14 que é un fenómeno global, presente na maior parte das nacións do mundo, no que a defen-
15 sa da soberanía nacional é a única trincheira fronte a un modelo neoliberal que procura a eli-
16 minación de toda barreira política para o espolio dos seus recursos económicos. Así, o que
17 eufemisticamente se coñece como “intercambio desigual” non é outra cousa que a apropia-
18 ción da plusvalía dos países da “periferia” do sistema, que deriva dunha dependencia econó-
19 mica e política cada vez maior, imposibilitando calquera alternativa que teña como obxecti-
20 vo construír unha economía autocentrada ao servizo das maiorías sociais.

21

22 Non hai, polo tanto, homes e mulleres libres en pobos asoballados, a loita de clases é indi-
23 sociábel da loita nacional e, xa que logo, a alternativa das clases traballadoras pasa neces-
24 sariamente pola organización dun movemento político e social ao redor do eixe da defen-
25 sa da soberanía, no que conflúan os sectores obxectivamente interesados.

26

27 A realidade dános a razón cada día, e non só en nacións sen Estado como a nosa, senón
28 tamén noutras latitudes podemos ver multitude de organizacións políticas e sociais de
29 Estados soberanos que se declaran obxectivamente nacionalistas, ao consideraren que a
30 defensa da súa soberanía nacional é indisociábel da defensa da xustiza social.

31

32 Hoxe temos en varios continentes experiencias políticas que chegaron ao poder ou están
33 a protagonizar procesos progresistas ou revolucionarios. Actuando en realidades nacio-
34 nais, culturais e sociais moi distintas, e en ocasións opostas, practicamente todas estas
35 alternativas políticas coinciden en dúas características:

36

37 - Unha concepción frontista de alianza de clases e sectores sociais comprometidos en
38 levaren adiante as transformacións precisas para a defensa da soberanía nacional e dos
39 intereses das maiorías;

40 - A existencia ou a creación de organizacións políticas, sindicais, etc. ... que son o fío
41 condutor entre a acción de goberno e o pobo, constituíndo ademais a mellor canle de
42 comunicación entre o traballo institucional e o traballo social.

43

44 A UPG, como organización nacionalista, é solidaria con todos os pobos que loitan pola súa
45 soberanía, sen que esta solidariedade supoña comulgar cos seus modelos sociais, políticos e
46 económicos. Consideramos que a diversidade é unha riqueza e a mellor arma contra a glo-
47 balización. Ao igual que no seu momento avaliamos como negativa a desaparición do siste-
48 ma soviético porque supoñía un dique de contención contra a política dos EUA, hoxe sau-
49 damos con interese a aparición de alianzas de países e foros de organizacións políticas que
50 tentan rematar coa hexemonía dos EUA e defenden un mundo multipolar.

1 **1.5.- O Estado español: A contradición entre a plurinacionalidade e un modelo político**
2 **que nega a autodeterminación dos pobos.**

3
4 As forzas políticas estatais mantiveron nas últimas lexislaturas unha postura contraditoria
5 entre un aparente recoñecemento da plurinacionalidade e a súa negación, contradición
6 que non é tal e que obedece á necesidade ou non de apoios puntuais para o goberno esta-
7 tal. Así, na lexislatura que rematou no ano 2008, o PSOE, sen maioría absoluta, debeu
8 negociar e atender ás demandas doutras formacións políticas o que ofreceu unha imaxe
9 de aparente recoñecemento e aceptación dun modelo de Estado plurinacional. Mais na
10 actual lexislatura, o PSOE está a evidenciar a súa tradicional posición, negando o dereito
11 dos pobos. Esta posición patentizouse no recurso presentado contra a consulta proposta
12 polo goberno vasco, na resposta ás demandas de Cataluña a respecto do financiamento, e
13 tamén na presentación das balanzas fiscais. O actual goberno do Estado, malia ser o pri-
14 meiro en presentar estas balanzas fiscais desde unha perspectiva radicalmente españolis-
15 ta, ofrece uns datos preparados para manter a imaxe de que determinados territorios son
16 deficitarios, entre eles, Galiza.

17
18 Esta actuación non é conxuntural, senón que obedece a unha estratexia clara de elimina-
19 ción das forzas nacionalistas, como xustificación para a negación do Estado plurinacional,
20 tal e como se evidenciou na campaña electoral das pasadas eleccións xerais que quixeron
21 converter nun xogo a dous e na negación do diálogo e do pacto no proceso de investidura
22 de Zapatero. É agora cando o PSOE desenvolve a súa posición ideolóxica sobre o
23 Estado, parella coa liña do PP, aínda que con tinguiduras de formación de progreso, ali-
24 ñándose tamén coas políticas económicas globalizadoras que imperan en Europa,
25 mediante o apoio ao tratado de Lisboa, que deixa fóra do acordo europeo s nacións.

26
27 Ideoloxicamente, os dous comparten o centralismo. Mais, mentres o PP declara abertamente
28 a súa posición antinacionalista e reivindica a unidade de España, o PSOE mantén unha imaxe
29 de aparente progresismo acompañada dunha actitude de desvalorización das nacionalidades,
30 pondo en pé de igualdade feitos que non son equiparábeis nin histórica, nin territorialmente.
31 É unha sorte de cinismo político, de dobre linguaxe que ten moi claro cal é o seu obxectivo:
32 convencernos de que todos somos igualmente españois. Estamos, así, nunha situación en que
33 o Estado non se constrúe en función da súa realidade, senón en función da relación entre as
34 distintas forzas políticas e, nomeadamente, as necesidades dos Partidos estatais.

35
36 Para superar esta situación a UPG promoverá que o nacionalismo evidencie a necesidade
37 da nosa presenza nas Cortes do Estado mediante a realización dun traballo que redunde
38 na obtención de beneficios para os galegos e as galegas na liña do feito até agora. Tamén,
39 co obxecto de reforzar a posición do nacionalismo e procurar rachar coa política centra-
40 lista e homoxeneizadora, debemos profundar na relación con outras forzas políticas nacio-
41 nalistas do Estado.

42
43 **2.- O NACIONALISMO COMO ALTERNATIVA Á GLOBALIZACIÓN.**

44
45 O Nacionalismo non pode ser outra cousa que o polo oposto do imperialismo, por defen-
46 der valores xustamente contrarios aos devanditos, mesmo por simples subsistencia econó-
47 mica, social e cultural da nación, como tan ben teñen definido os nacionalistas galegos
48 desde as orixes. O Nacionalismo é, xa que logo, o polo oposto, positivo: o da igualdade
49 recíproca, o do respecto á diversidade como factor positivo por si propio, o das relacións
50 pacíficas e amigábeis, non opresoras: o defensor dun auténtico Internacionalismo, o

1 defensor do todos os elementos que poden elevar ao conxunto dos pobos e nacións con-
2 cretos á humanidade. No caso de Galiza o nacionalismo é, ademais, a expresión política
3 das clases populares, entendidas estas como a clase operaria, as e os traballadores do agro
4 e do mar, e a pequena burguesía

5
6 O nacionalismo significa o esforzo por superar a irracional e inxusta situación presente,
7 como consecuencia do dominio abafante, inhumano, do polo negativo, do imperialismo
8 económico, social e cultural, do capitalismo oligopolista-financeiro, e as súas derivadas
9 de explotación, desigualdade, homoxeneización e uniformismo cultural, e militarismo
10 destrutor, que pon en perigo de maneira acrecentada o mesmo futuro da humanidade.

11
12 **2.1.- Un Estatuto de Nación: O autogoberno como instrumento a prol da consciencia**
13 **nacional e das clases traballadoras.**

14
15 Un dos obxectivos (a medio e longo prazo) esencial para o nacionalismo debe ser actuar
16 para construír unha estrutura económico empresarial capaz de subministrar postos de traba-
17 llo de calidade para o conxunto da poboación galega. Sen Galiza gozar da liberdade e res-
18 ponsabilidade plenas, superando a súa situación actual no contexto político-institucional
19 estatal, non será totalmente posíbel. Neste sentido, o nacionalismo galego (fronte aos impe-
20 rialismos estatais opresores, que algúns pretenden definir como “nacionalismo” tamén) fun-
21 daméntase na defensa das liberdades (individuais e colectivas, ambas as dúas inseparábeis),
22 da diversidade (relacións respectuosas, en pé de igualdade e en beneficio mutuo) e da auto-
23 rresponsabilización inherente a unha situación de liberdade (capacidade propia de decisión
24 en todos os planos en función dos intereses propios). Velaquí a “guerra” política esencial. No
25 contexto do proceso de autodeterminación tradúcese, en primeiro lugar, en alcanzar un
26 Estatuto de Nación, no camiño a percorrer cara á hexemonía política e social do
27 Nacionalismo e a soberanía nacional plena. No inmediato, a cuestión chave sobre as posi-
28 bilidades efectivas de avance real en relación cun novo Estatuto Galego dependen do que o
29 Tribunal Constitucional faga coa súa sentenza sobre o xa limitado *Estatut*, e que, en todo
30 caso, vai afectar negativamente o que quedou aínda en pé, para o “situar no marco consti-
31 tucional vixente” . Debemos valorar e reaccionar ante a seguinte perspectiva:

32
33 - Novo Estatuto galego como simple revisión cosmética do actual vixente. Valeralles per-
34 fectamente tanto ao PSOE coma o PP, que non se verán xa condicionados polas aspira-
35 cións e contidos básicos do *Estatut*, mesmo utilizando como desculpa o fallo do TC. A
36 posición nacionalista coa a súa correcta proposta actual, pode ser considerada minorita-
37 ria, testemuñal, cando non ser anatematizada como “ilegal”. Este resultado non significa-
38 ría ningún avance cualitativo. Non podería ser avalado.

39
40 - Consecuentemente, aparecerían en primeiro termo os límites políticos radicais da vixen-
41 te Constitución. Habería que traballar na necesidade da súa superación na perspectiva
42 plurinacional, unha vez experimentada a futilidade de intentar lecturas constitucionais
43 máis abertas que as que toleran os condicionantes ideolóxico-prácticos das forzas españo-
44 listas da esquerda e da dereita. Por moi desesperanzadora que sexa a situación hoxe e as
45 perspectivas de futuro sobre esta cuestión, o nacionalismo non pode ser vítima dun tacti-
46 cismo extremo que o anule na práctica.

47
48 Os poderes fácticos están empeñados en demostraren que a soberanía é unha cuestión
49 exclusivamente estatal no vixente contexto político-institucional. Asemade non queren
50 deixar dúbidas sobre o alcance real do “Estado das Autonomías” e da “España plural”.

1 **No entanto, un dos elementos fundamentais para facermos realidade o Dereito a Vivir, a**
2 **Producir e a Traballar na Galiza consiste na superación das restricións vixentes no ámbito**
3 **político competencial estatal**, de maneira que Galiza dispoña de plena capacidade sobre as
4 políticas económica, financeira e social. Estas restricións constitúen o freo máis importante
5 para o seu desenvolvemento económico e social. Limitan, cando non impiden, a realización
6 das potencialidades plenas dun uso racional dos seus recursos naturais, produtivo-sectoriais
7 e sociais, que, á súa vez, impiden a expansión, diversificación e modernización da súa estru-
8 tura empresarial, a densificación das relacións intersectoriais, a realización na Galiza das
9 cadeas de valor sectoriais no grao máximo posíbel, -peche ciclos produtivos-, fundamental-
10 mente naqueles elos que achegan un maior valor engadido e empregos de maior cualifica-
11 ción, a corrección dos acusados desequilibrios espaciais. En definitiva, impiden facer posí-
12 bel, non utópico, o obxectivo de plena ocupación en postos de traballo de calidade da súa
13 poboación traballadora e a elevación dos niveis salariais, superando a situación actual que
14 non fai outra cousa do que consolidar o atraso relativo do noso país, para mostrármonos así,
15 como antes, agora, logo, e sempre, “incapaces por natureza” de converxer e superarmos os
16 resultados alcanzados nos espazos estatal ou europeo.

17
18 **A política económica do nacionalismo, concretamente desde as esferas de goberno, debe**
19 **tender a:**

20
21 - **Expandir**, en todos os sectores produtivos de demanda elevada e/ou que hoxe manifes-
22 tan carencias importantes, sexa por limitacións internas ou externas;

23
24 - **Diversificar**, tanto cara a sectores inexistentes na estrutura empresarial, diminuindo a
25 necesidade de importacións, coma para crear as industrias complementarias precisas para
26 o correcto funcionamento, non dependente, de enclave, dos sectores básicos. Por exem-
27 plo, o caso do sector enerxético. Trátase de ser “importante” produtivamente. Observemos
28 o que aconteceu co potente sector eólico do noso país en termos enerxéticos. No ano
29 2006, por potencia instalada, Galiza ocupaba o primeiro lugar no Estado e o cuarto a nivel
30 da UE-27 (tras Alemaña, Dinamarca, á que case alcanzamos, e o conxunto formado polo
31 resto do Estado). Porén, as empresas fabricantes dos elementos necesarios para este sector,
32 presentes na Galiza, pouco significan no conxunto do aparello empresarial e tecnolóxico
33 estatal relacionado con este sector, realizando unicamente as actividades de menor valor
34 engadido (como fabricación de fustes e pas);

35
36 - **Modernizar**, as estruturas produtivas e organizativas empresariais. Concretamente, en
37 relación coa I+D+i, coa innovación, e o seu moi baixo nivel relativo, nomeadamente a
38 empresarial, de cara á mellora da competencia, á mellora salarial e o aproveitamento da
39 maior e mellor formación profesional e educativa xeral dos novos traballadores galegos.

40
41 Non debemos xustificar nin alentar a existencia dunha estrutura empresarial baseada nos
42 baixos salarios. É a prédica habitual dos Partidos estatais presentes na Galiza. Ademais de
43 consolidaren o atraso, implica un (case)suicidio cara ao futuro, unha renuncia ao mesmo.
44 Se o nivel salarial fose tan crucial, a maior parte da industria hoxe localizada no resto do
45 Estado, debería estalo no noso país.

46
47 A situación de carencia competencial torna inviábel manexar os aspectos fundamentais
48 das políticas empresariais e “de competencia”, tal como corresponden a un país normal.
49 Limita as posibilidades reais de desenvolvemento autóctono, afectando negativamente o
50 noso país. Aparece (case)impotente perante a carencia dos instrumentos básicos para facer

1 fronte axeitadamente ás cada vez máis recorrentes operacións de ámbito estatal ou supe-
2 rior que afectan centros produtivos esenciais para o noso país. Ten que aceptar o mante-
3 nimento en condicións de auténtico delito social dalgún centro produtivo galego de carác-
4 ter público estatal, como a antiga ASTANO, ou as operacións de deslocalización por parte
5 de empresas localizadas na Galiza, de capital alleo e galego, previa recepción de máis ou
6 menos voluminosas axudas públicas [galegas exclusivamente e/ou estatais].

7
8 Xa que logo, a superación das restricións competenciais, o avance na soberanía do país,
9 constitúe un dos chanzos imprescindíbeis para o goberno galego ter ao seu dispor o con-
10 xunto de políticas necesarias para promover un proceso real de desenvolvemento propio,
11 autocentrado.

12

13 **2.1.1.- A economía galega e a necesidade dunha estratexia industrializadora activa.**

14

15 No período 1995-2005, o Valor Engadido Bruto (VEB) galego en termos nominais medrou
16 a unha Taxa Anual Acumulada (TAA) de 6,9% en tanto que a Poboación Ocupada Total
17 (Postos de traballo equivalentes a tempo completo) o fixo a 1,6%. Polo tanto, a
18 Produtividade aparente do traballo medrou a un ritmo de 5,3%, superior ao incremento
19 salarial experimentado neste período. **En consecuencia, os beneficios derivados do acre-**
20 **centamento da produtividade van parar principalmente aos propietarios dos medios de**
21 **produción e xustifican a continua caída do peso da remuneración dos traballadores no**
22 **conxunto da riqueza creada (PIB).** Unicamente superaron o crecemento medio da econo-
23 mía galega a Industria total (7,8%), Bens de Equipo (por efecto do comportamento do
24 Material de Transporte, 9,8%) e a Construción (10,0%).

25

26 Danse valores mínimos das Actividades de Servizos Avanzados Empresariais e de I+D. Escaso
27 peso das Actividades de Fabricación de Bens de Equipo moi dependentes da Actividade de
28 Fabricación de Material de Transporte (Automóbil e Construción Naval, hoxe atravesando
29 situacións dos seus mercados ben diferentes, negativo, no primeiro; positivo, no segundo).

30

31 **No ano 2005, conxuntamente, a Construción e as Actividades Inmobiliarias significaban**
32 **directamente 22,5% do VEB e 13,9% do emprego total da economía galega nese ano.** No
33 período quinquenal 2000-2005 a Taxa de Crecemento Anual Acumulado (TAA) deste con-
34 xunto foi de 9,8% no caso do VEB e de 5,0% no do emprego, superando amplamente as
35 medias do conxunto da economía galega (7,2 e 1,7% respectivamente). Ademais disto,
36 deben se considerar os efectos inducidos noutros sectores industriais (materiais de cons-
37 trución, etc.) e dos servizos.

38

39 **Na economía galega, o saldo neto de emprego na década que consideramos foi de unica-**
40 **mente 161.876 traballadores como consecuencia da caída de emprego na Agricultura,**
41 **Pesca e Enerxía, e a insuficiente capacidade do resto de sectores para ofrecer os postos**
42 **necesarios para a poboación traballadora galega.** Nestas condicións nin se cumpre, obvia-
43 mente, nin é posíbel alcanzar o principio esencial de Vivir, Producir e Traballar no noso país.

44

45 Hai que superar a concepción de separación en compartimentos estancos da política de
46 desenvolvemento económico e empresarial. Resulta necesario, en primeiro lugar, deseñar
47 un plano propio de desenvolvemento a medio e longo prazo, en base ao que instrumen-
48 tar progresivamente as medidas e accións concretas, de carácter político, económico, cul-
49 tural, formativo, para a consecución dos obxectivos definidos, desde unha perspectiva pro-
50 pia, desde o punto de vista dos nosos intereses.

1 No mundo actual a prédica sobre a existencia de mercados de competencia “perfecta e
2 pura” é unha simples farsa. Existen mercados oligopolistas, monopolistas; existen econo-
3 mías de escala crecentes; existen externalidades positivas (e negativas) de toda índole. O
4 papel dos gobernos faise máis esencial. Hai que actuar na dirección de practicar unha
5 política industrial (en sentido amplo) activa, que supere as limitacións presentes na nosa
6 estrutura económico empresarial.

7
8 Hai que levar a cabo unha política activa, non pasiva, de promoción de novos investimen-
9 tos empresariais, tanto endóxenos coma esóxenos, que creen nova capacidade produtiva,
10 amplíen ou modernicen a existente, xerando novo emprego no noso país. Isto é tanto máis
11 importante nun momento histórico no que os movementos deslocalizadores caracterizan
12 esta fase do imperialismo. Non só existe unha liberdade plena do movemento dos capi-
13 tais diñeiro e mercadoría, senón tamén do capital produtivo, intensificado nesta fase de
14 crise, como necesidade do sistema capitalista na busca de elevación do grao de explota-
15 ción e de creación de plusvalía e que pode afectar de maneira moi seria a centros produ-
16 tivos fundamentais da nosa estrutura empresarial, impulsando así mesmo os investimentos
17 empresariais galegos fóra do País.

18
19 As Pequenas e Medianas empresas (PeMEs) deben desempeñar un papel máis importante no
20 desenvolvemento empresarial ao constituíren a inmensa maioría de empresas e ao cum-
21 priren un grande papel na ocupación da poboación traballadora galega. Hai que impulsar a
22 súa dimensión e dinamismo, e, en xeral, as políticas de cooperación, que actualmente, no
23 mellor dos casos, non son máis que a expresión dun bo desexo con escasa eficacia prácti-
24 ca, cando non reducidas a un simple instrumento de succión de recursos públicos de efica-
25 cia máis que dubidosa. A política de cooperación empresarial constitúe un dos requisitos
26 para o avance empresarial e, en casos, para a mesma subsistencia. A necesidade de coope-
27 ración ten causas internas, derivadas da necesidade de crear vantaxes competitivas, mais
28 tamén externas, inducidas polo contorno no que estamos inxeridos. Hai que engadir a súa
29 decisiva influencia nas decisións de localización empresarial, na capacidade innovadora do
30 país, no acrecentamento dos chamados intanxíbeis empresariais, ou da existencia de redes
31 integradas de servizos para a solución de determinados problemas empresariais. A política
32 de cooperación, nas súas diferentes facetas, debe conducir a acordos empresariais nos eidos
33 produtivo, comercial, tecnolóxico, de enxeñaría ou calquera outro, baseados na reciproci-
34 dade de vantaxes e na busca de sinerxías, imposibilitada as máis das veces polo individua-
35 lismo máis ou menos patente e a limitada dimensión, o que lles impide competir e expan-
36 dirse da maneira desexábel. Todo isto móstranos a importancia da política de cooperación
37 como impulsora do desenvolvemento económico empresarial, algo que outros veñen prac-
38 ticando desde hai xa demasiado tempo.

39
40 Así, a estratexia de industrialización, en sentido amplo, debe incluír un conxunto de políti-
41 cas e medidas específicas de fomento e impulso da modernización do sistema produtivo
42 galego, incrementando a súa capacidade innovadora e a súa eficiencia. Debe ser unha estra-
43 texia preventiva e anticipadora con obxectivos claros de apoio ás PeMEs, ao desenvolvemento
44 tecnolóxico, á política de cooperación vertical, horizontal e intersectorial, á corrección
45 dos desequilibrios territoriais, á promoción de novos investimentos empresariais para diver-
46 sificar e intensificar as relacións intersectoriais. En resumo, facer real o dereito a vivir, produ-
47 cir e traballar na nosa Terra, partindo das eivas presentes a superar, como por exemplo:

48
49 • Concentración do sector industrial, xa en termos de VEB ou en termos de emprego, nuns
50 poucos sectores;

- 1 • Reducida dimensión empresarial e carencia relativa de empresas de tamaño medio;
- 2 • Deficiente especialización e capacidade competitiva;
- 3 • Insuficientes formas de organización empresarial en xeral;
- 4 • Escasa utilización das vantaxes competitivas no terreo comercial padecendo un déficit
- 5 crónico e considerábel, no intercambio de mercadorías e servizos;
- 6 • Espazo marxinal no ámbito das estratexias empresariais exteriores para o investimento
- 7 directo produtivo, que se traduzan en novos proxectos empresariais que creen emprego e
- 8 riqueza no país, que enraícen na nosa economía, densificando a rede de relacións interin-
- 9 dustriais;
- 10 • Deficiencias nos diversos elementos compoñentes do Sistema Galego de Ciencia-
- 11 Tecnoloxía-Innovación.

12
13 A distancia entre as posibilidades do goberno galego, coas actuais competencias, e os
14 gobernos con soberanía plena pódese medir tendo en conta algún dos instrumentos nor-
15 mais cos que conta unha política industrial e de “competencia”, con efectos para o des-
16 envolvimento do país:

- 17
- 18 - Prohibición do abuso de poder de mercado;
- 19 - Avaliación das operacións de fusións e adquisición de empresas, centros produtivos,
- 20 localizados na Galiza;
- 21 - Fiscalización de posíbeis acordos entre empresas que prexudiquen outras empresas e/ou
- 22 os consumidores.
- 23 - Apoio ás empresas polas diferentes vías que se pode facer;
- 24 - Esquema de incentivos á I+D+i en determinados sectores e tecnoloxías;
- 25 - Control de entrada nos diversos sectores ou expansión de capacidade;
- 26 - Medidas de regulación a determinadas empresas;
- 27 - O mesmo control da propiedade das empresas, nomeadamente aquelas que actúan en sec-
- 28 tores estratéxicos (formando parte, no seu caso, dun sector público empresarial produtivo).
- 29

30 Todo o devandito pon de relevo a importancia de impulsar esa estratexia de industrializa-
31 ción en sentido lato, unha política activa, nun país coas características específicas do
32 noso, cara a resolvermos progresivamente as feblezas, eivas, rémoras e obstáculos inter-
33 nos e externos do noso tecido empresarial que esixen unha actuación decidida de gober-
34 no para as superar.

35
36 A industria é, antes e hoxe máis, o principal vector de innovación do sistema produtivo; o
37 sostén das actividades de servizos máis avanzadas; o soporte do groso do comercio co
38 exterior; e o cerne das interrelacións económicas do sistema produtivo.

39 40 **2.1.2.- Sistema financeiro.**

41
42 Fica claro que non é posíbel soberanía económica sen un sistema financeiro que permita
43 un control dos recursos do propio país. Asemade, é crucial a relación entre as entidades
44 financeiras e os sectores produtivos para o desenvolvemento dun país. O proceso de con-
45 centración de entidades financeiras desde a década dos 70 afectou en maior medida
46 Galiza que o resto do Estado. Hoxe podemos dicir que soamente fican como entidades
47 financeiras netamente galegas Caixa Galicia e Caixa Nova, no sector do aforro, e a Caixa
48 Rural de Lugo no sector das caixas rurais. Porén, achamos que Galiza figurou historica-
49 mente, e aínda hoxe, como unha zona captadora de recursos para investiren noutras par-
50 tes do Estado, co consecuente proceso de descapitalización do País.

1 Inicialmente, as entidades financeiras galegas limitábanse a pór os recursos á disposición
2 doutras entidades a través do mercado interbancario. Hoxe, optan maioritariamente pola
3 expansión fóra de Galiza, evitando intermediarios, o que permitiu un incremento dos
4 beneficios empresariais. Porén, a “evasión legal de capitais” non mudou.

5
6 Perante esta situación, a capacidade reguladora por parte da Comunidade Autónoma, ao
7 abeiro da lexislación actual, é moi reducida no referido á banca privada e ás caixas rurais.
8 Nembargantes cabe lembrar que as caixas de aforros son competencia exclusiva da
9 Comunidade Autónoma e teñen regulada a súa actividade por lei do Parlamento galego.

10
11 Desgrazadamente a actual lexislación que regula as caixas é moi pobre, por debaixo do esta-
12 belecido incluso por outras Comunidades Autónomas que non teñen a consideración de his-
13 tóricas. A última reforma aprobada na Galiza co único voto positivo do PP é un calco da
14 denominada Lei Rato, que autorizou por primeira vez a fusión entre caixas das distintas auto-
15 nomías e a saída a bolsa a través das cotas participativas. É de destacar que, co PSOE á fron-
16 te da Consellaría de Economía, se produciu unha substitución nos órganos de goberno das
17 caixas de aforros dos representantes das administracións públicas do PP por persoas vincula-
18 das a aquel Partido. O último caso foi o nomeamento do Presidente da Deputación de A
19 Coruña como Vicepresidente de Caixa Galicia. Optouse por un control partidista das caixas.

20
21 O nacionalismo galego está practicamente fóra dos órganos de goberno, e por vez primei-
22 ra na historia, tamén quedou fóra o sindicalismo nacionalismo debido a procesos de elec-
23 ción opacos e non democráticos.

24
25 A actual crise financeira internacional, que afecta tamén as entidades financeiras galegas,
26 demostra que a maior regulación menor é o risco, por moito que esta posibilidade desgus-
27 te por igual aos propietarios dos bancos e aos xestores das caixas.

28
29 Galiza necesita competencias plenas sobre o sistema financeiro galego. O desenvolvemento dun banco público sería unha ferramenta básica. A curto prazo hai que apostar polo desenvolvemento das competencias estatutarias, modificando a leis das caixas de aforro co fin de regular os investimentos e as participacións en empresas desde unha óptica de país e non especulativa. Asemade cumpre democratizar o acceso aos órganos de goberno, garantindo que sexan un xusto reflexo da realidade galega. Por último, deben cumprir o seu papel fundacional: a inserción financeira dos sectores menos favorecidos.

30 31 32 33 34 35 36 37 **2.1.3.- Sistema de financiamento.**

38
39 A ideoloxía dominante está empeñada en afondar na tese de que somos un pobo incapaz de
40 valerse por si propio. Todos os voceiros da españolidade desinteresáronse na Galiza por espa-
41 llar o coñecemento de como funcionan os mecanismos financeiros e fiscais no Estado espa-
42 ñol. Nunca optaron por que o País se autorresponsabilizase. Faise a exaltación da dependen-
43 cia, o que se pode explicar do punto de vista dos intereses especulativos dalgunhas supostas
44 “elites” económicas, que non actúan como clase dirixente da nación. O grave é que se espa-
45 lla esa ideoloxía entre moitos pequenos e medianos empresarios e as clases traballadoras en
46 xeral, empecendo así o desenvolvemento de moitas potencialidades do noso país.

47
48 A última modificación do modelo de financiamento coñecido como de réxime común, o
49 de todas as Comunidades Autónomas agás as forais (Euskadi e Nafarroa), foi realizada
50 rematando o ano 2001, en plena etapa aznarista, para entrar en vigor a partires do ano

1 2002. Mais o PP esbozou o sistema co afán de estabilidade e permanencia indefinida no
2 tempo, como se significase a fin do debate político e a clara mensaxe de que un avance
3 no mesmo nunha orientación cara ao recoñecemento dun Estado plurinacional sería inviá-
4 bel para sempre, como o fora desde a recuperación da democracia. Perante a necesidade
5 de aparentar descentralización nos ingresos fiscais no Estado español, xa que estaba des-
6 centralizado unha parte relativamente importante do gasto considerado territorializábel,
7 decidiuse elevar o contido da cativa cesta tributaria até entón cedida, pasando o IRPF de
8 30 a 33%, e incorporándose como novas cesións 35% do IVE e 40% dos Impostos espe-
9 ciais de fabricación, sen capacidade normativa e de xestión, así como, de moita menor
10 importancia cuantitativa, 100% do Imposto de matriculación e do chamado 'céntimo sani-
11 tario'. Recordemos que o sistema de financiamento non é mais que o instrumento a través
12 do cal se financian as competencias e servizos transferidos, salientando o educativo, o
13 sanitario e os servizos sociais. Se escasas son as porcentaxes cedidas nos impostos princi-
14 pais, peor é o nivel de autonomía de que dispoñen as CC.AA. sobre os impostos que com-
15 poñen a cesta tributaria. É dicir, a súa capacidade de xestión e normativa sobre os mes-
16 mos, moi afastada da existente en réximes federais, malia a propaganda abafante de 'ser-
17 mos o Estado máis descentralizado do mundo'.

18
19 Créase a ficción de que existe descentralización fiscal, pero a recadación da maioría dos
20 impostos estatais segue en mans da Axencia Tributaria Estatal. Por outra parte, cos ingre-
21 sos procedentes do cesto de impostos cedidos, nin sequera se logra cubrir as necesidades
22 de gasto das Comunidades Autónomas, agás nos casos de Madrid e Baleares, e por esca-
23 sa contía, que pode desaparecer nos anos vindeiros á vista das decisións de diminución
24 impositiva que está a aplicar especialmente á primeira destas Comunidades. Para comple-
25 tar o diñeiro que falta, bótase man da ficción pola que é un Estado magnánimo quen, a
26 través dunha transferencia, un denominado Fondo de Suficiencia, entrega o diñeiro restan-
27 te para cubrir 100% das necesidades de gasto. Nin que dicir ten que coas porcentaxes
28 sinaladas os resultados son distintos para cada comunidade autónoma. **O Fondo de**
29 **Suficiencia non é máis que un engano que se vende ideoloxicamente como se for un**
30 **Fondo de Solidariedade, sobre todo en territorios como o galego.** O Estado é o único
31 soberano en materia fiscal. Establece os impostos e o seu deseño. O Estado "dá", "conce-
32 de". As Comunidades Autónomas, Galiza entre elas, e de forma especial porque ten necesi-
33 dade dun fondo de suficiencia maior, está "subvencionada": somos un país inútil. Así, é
34 fácil chegar á conclusión de que España existe desde antes que Galiza. Esta é unha ficción
35 de tal calibre que agacha o feito incuestionábel de que é o Estado o que existe grazas a
36 estar soportado fiscal e financeiramente polas nacións que o integran.

37
38 **Por transparencia e por responsabilidade, cumpre que a nosa sociedade coñeza realmen-**
39 **te cal é a presión fiscal que padece Galiza e os gastos para manter o seu autogoberno.** O
40 nacionalismo fixo esforzos intelectuais e de información relevantes nos últimos anos nesta
41 materia Os datos dos Informes de Liquidación do Sistema de Financiamento referidos aos
42 anos 2002-2006 (Ministerio de Economía e Facenda), dan uns resultados suficientemente
43 significativos. Non avalan a tese de que somos un país de subsidiado. Alén disto, constan-
44 temente arredor de 45% do recadado pola Axencia Tributaria do Estado aparece como
45 recadado en Madrid cando o PIB deste territorio significa 17.4% do total español, case tres
46 veces menos, facendo patente unha imposibilidade tendo en conta o cativo carácter pro-
47 gresivo do conxunto do sistema fiscal español. Esta anomalía nunca é evidenciada polos
48 corifeos da españolidade ou os que din de que o problema galego está na avaricia dos
49 cataláns. É obxectivo que o carácter de capital do Estado da Comunidade Autónoma de
50 Madrid lle supón, entre outras vantaxes, que se residencien nela as sedes de todas as

1 empresas e organismos estatais e a da maioría das grandes empresas privadas, industriais
2 ou de servizos con presenza na Galiza. Desta maneira, a tributación das mesmas polo
3 imposto de sociedades, polo IVE, polas súas operacións co exterior, ou as retencións dos
4 seus traballadores non se recada nas Delegacións galegas da AEAT, senón no domicilio
5 desas sedes. Galiza padece, aquí tamén, os efectos negativos do deseño centralista e do
6 efecto capital madrileña.

7
8 Por iso é tan importante coñecer o problema dos fluxos fiscais desde unha perspectiva pro-
9 pia, con análises feitas desde unha perspectiva galega, aínda que só sexan aproximadas por
10 non poder ser doutra maneira dada a existencia dun sistema fiscal unitario a nivel estatal. A
11 manipulación dos voceiros da españolidade comeza por dar as cifras dos recursos (de flu-
12 xos) fiscais a partir da información do que figura como recadación da Axencia Tributaria na
13 Galiza, en troca do que figura no Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento de
14 cada ano, cifra esta moito máis aproximada á realidade e que se emprega oficialmente para
15 cuantificar o que nos corresponde polo cesto de impostos cedida. Normalmente, nada
16 menos que 3.000 millóns de euros de diferenza entre unha cifra e outra. Isto é así precisa-
17 mente polo centralismo dos ingresos, porque os Informes de recadación da AEAT nin están
18 concibidos nin serven para describir a carga tributaria soportada nos diferentes territorios do
19 Estado. Para saber o que Galiza paga polo IVE ou polos Impostos Especiais non valen os
20 datos de recadación da Axencia Tributaria. Dadas as súas características, hai que compro-
21 bar a distribución territorial da súa carga, como fai o propio Estado español, a través duns
22 índices específicos de consumo. Hai tamén problemas co IRPF. E desde logo, o Imposto de
23 Sociedades varía sensibelmente se só se conta coas empresas que teñen a sede na Galiza ou
24 se contabiliza, como resulta obvio e correcto, ademais, as que, actuando en Galiza, produ-
25 cindo na Galiza, teñen a súa sede en Madrid ou noutra parte do Estado.

26
27 Este problema é tan importante no debate estatutario que a súa clarificación desvenda as
28 dúas concepcións que existen do Estado español. Unha delas é mítica, irracional e agre-
29 siva. A súa idea de España está baseada nunha idea previa da que proveñen todas as
30 demais. É como un ente metafísico, pero que condiciona gravemente a nosa propia visión
31 de nós mesmos, de Galiza. E lexitima un modelo económico-social que nos é gravemen-
32 te prexudicial. É a idea de España expresada no artigo 2 da Constitución española (“a
33 Constitución fundaméntase sobre a unidade da nación española, patria común e indivisi-
34 bel de todos os españois”). A outra concepción do Estado español é unha concepción plu-
35 rinacional. Se o Estado español é o resultado dunha convivencia en pé de igualdade, exis-
36 tirá grazas a que está soportado nesta diversidade nacional, e na contribución fiscal e
37 financeira destas nacións para se autogobernaren e compartiren un espazo institucional-
38 político común. Nesta liña, o sistema de financiamento ten que ser o dos tributos territo-
39 rializados, o da capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos contando cunha
40 Axencia Tributaria propia, galega. A partir de aquí a participación de cada quen no sus-
41 tento do Estado común pode estar en función de criterios pactados que teñan en conta dis-
42 tintas variábeis, sen desbotar que poida existir un fondo de equilibrio ou de redistribución
43 para destinar especificamente aos que teñan unha renda inferior á media do conxunto, no
44 contexto da política de redistribución inherente a todo espazo político-social propiamen-
45 te tal. Esta concepción racional do Estado español expresa outra idea distinta e contrapos-
46 ta de unidade. É unha unidade baseada na transparencia e na autorresponsabilidade, na
47 crenza nas propias capacidades.

48
49 Curiosamente, entre a visión mítica e irracional do Partido Popular e as propostas suposta-
50 mente integradoras do PSOE, a respecto da estrutura institucional do Estado, existe un espa-

1 zo común no esencial. A 'España plural' nega o Estado plurinacional, aínda sendo capaz
2 de aceptar algunhas mudanzas cuantitativas sobre o existente actualmente. Non estraña,
3 entón, a coincidencia en que non se pode nin debe cambiar cualitativamente o sistema de
4 financiamento actual. Efectivamente, as concesións, limitadas, que se fixeron a Cataluña no
5 terreo competencial, importantes especialmente en materia lingüística, contrastan coa
6 cerrazón e intransixencia a aceptar o modelo de financiamento proposto inicialmente polo
7 Parlamento catalán. Era un modelo de auténtica soberanía fiscal, correspondente a un des-
8 eño do Estado plurinacional. Porén, o resultado final foi un sistema filosoficamente igual ao
9 actual pero cambiando as porcentaxes do cesto de tributos cedida (elévase a cesión do IRPF
10 e do IVE a 50% e a dos Impostos especiais de fabricación a 58%). Aquí o Goberno foi
11 intransixente. Simplemente non poden aceptar a transparencia, a xeneralización dun mode-
12 lo equivalente ao vasco para as outras nacións, galega e catalá. Non porque sufra a "sol-
13 dardiedade" e o suposto papel redistribuidor do Estado, senón porque deixaría de aparecer
14 como o benfeitor que nos dá a posibilidade de vivir e subsistir. Aparecería a realidade de
15 que está sustentado precisamente na capacidade e o esforzo dos pobos ou nacións que o
16 soportan, co seu esforzo fiscal e financeiro, entre elas Galiza.

17
18 A peneira madrileña impuxo un modelo continuísta en materia de financiamento, un
19 modelo que se vai xeneralizar para todas as CCAA a través da negociación en curso do
20 novo Sistema de Financiamento. Galiza vai ter máis ingresos tributarios polas novas por-
21 centaxes dos impostos cedidos, pero non chegará a cubrir 100% do gasto, como si pode
22 ocorrer con Catalunya. Seguiremos como destinatarios dun fondo de suficiencia positivo
23 (ideoloxicamente vendido como solidariedade, cando o Estado queda con 65% dos tribu-
24 tos soportados polos galegos/as, moi superiores á contía deste fondo). Falta por ver que vai
25 pasar coa nova avaliación das necesidades de gasto dos servizos, das variábeis que se
26 empreguen para cuantificalo e da súa ponderación (poboación, dispersión, envellecemen-
27 to, insularidade, inmigración...).

28
29 Dito todo isto, cumpre aclarar que os fluxos fiscais non son a totalidade dos fluxos econó-
30 micos e moito menos a dos fluxos reais, dos que non son senón o seu reflexo. A econo-
31 mía e a interdependencia ou a dependencia son moito máis que iso. Canto leva entrega-
32 do Galiza ao resto do Estado a través da tarifa eléctrica unificada, como resultado do papel
33 que lle fixo desempeñar ao servizo do resto do Estado após a década dos cincuenta do
34 século pasado? Anos e anos producindo enerxía para exportar ao resto do Estado, para
35 desenvolvelo, sen ningunha vantaxe para si, pagando o mesmo prezo que os demais e
36 facendo, polo tanto, unha entrega monetaria multimillonaria de balde ao resto de Estado,
37 non rexistrada en parte ningunha. Canto levamos entregado a través das remesas de diñei-
38 ro de emigrantes durante séculos? Cal é a balanza no terreo comercial? Unha sociedade
39 que pasou de autoabastecerse a importar a maior parte do que consume en alimentación.
40 Cales son os fluxos financeiros a través de caixas e bancos? En fin, non temamos o deba-
41 te. É a primeira condición para sermos un pobo digno e con confianza nas nosas capaci-
42 dade. Non nos anulemos interiorizando a tese de que somos pobres e non podemos, tan
43 orquestrada desde todos os ámbitos do poder.

44

45 **2.2.- A presenza do nacionalismo no goberno autonómico: avances e limitacións. A neces-
46 saria simbiose goberno-organización.**

47

48 A chegada do BNG ao goberno galego tras as Eleccións Autonómicas de 2005 marca o ini-
49 cio dunha nova etapa para o proxecto político do nacionalismo galego. Por vez primeira
50 na historia, o nacionalismo forma parte do Goberno Galego. É evidente que ese feito non

1 colma as expectativas estratéxicas do nacionalismo galego, pero tamén que –a pesar das
2 limitacións externas e deficiencias propias- este novo contexto posibilita un novo e impor-
3 tantísimo marco de actuación para o nacionalismo en Galiza. Despois de case unha lexis-
4 latura, resulta conveniente realizar unha análise da nosa actuación no seo do goberno
5 galego, comezando por contextualizar a mesma, permitíndonos realizar valoracións o
6 máis ponderadas e axustadas posíbeis á capacidade real de actuación do nacionalismo.

7 8 **2.2.1.- As limitacións da presenza nacionalista no goberno galego.**

9
10 Sabiamos que o contexto actual non estaría exento de contradicións, de limitacións pro-
11 pias e alleas. Coñecelas e analízalas en profundidade é o único cimento sobre o que se
12 pode sustentar a súa corrección e superación cando for posíbel, e cando non, poder facer
13 formulacións realistas que non provoquen nin frustracións nin un hipercriticismo non xus-
14 tificado.

15 16 **a) Os límites do actual marco autonómico.**

17 A UPG sempre entendeu o marco constitucional e estatutario actual, fundamentado na
18 estrutura unitaria do Estado español basicamente como unha descentralización administra-
19 tiva, que non recoñece o carácter plurinacional do Estado, e que limita as posibilidades de
20 desenvolvemento do noso país. Por ese motivo, sempre acreditamos en que a presenza
21 nacionalista no Goberno autonómico non resolvería de raíz todos os problemas do noso
22 país, moitos deles de orixe estrutural, vinculados á relación histórica de dependencia.

23
24 Co actual modelo autonómico, Galiza non conta con instrumentos políticos e económi-
25 cos para decidir por si mesma. Non dependen só –e nalgúns casos nin maioritariamente-
26 do Goberno galego algunhas das principais decisións políticas que se toman a respecto do
27 noso país. Somos conscientes de que o nacionalismo galego necesitará modificacións no
28 marco actual para poder desenvolver integramente a súa alternativa programática. Por iso,
29 é preciso continuar co traballo desenvolvido, até lograr un Estatuto de Nación como ins-
30 trumento sobre o que poder empezar a dar resposta ás nosas necesidades como nación.

31 32 **b) O nacionalismo nun goberno de coalición.**

33 Un goberno de coalición é un punto de encontro de dous programas e, xa que logo, unha
34 limitación para a aplicación plena dun programa político, ao non depender en exclusiva
35 dun mesmo, o que obriga a compensalo con maior traballo e presenza social, sobre todo
36 como no noso caso se es a forza cuantitativamente máis pequena dun goberno bipartito.

37 38 **c) Os ataques ao nacionalismo e a nosa debilidade para combatelos socialmente.**

39 Non foron poucos os ataques que o nacionalismo galego recibiu desde que se sitúa á fron-
40 te de responsabilidades de goberno. Nalgúns casos, é o propio Estado, institucionalmen-
41 te, quen combate medidas de goberno obxectivamente positivas.

42
43 A actuación dos anteriores gobernos da Xunta nunca entrou en contradición coa estru-
44 tura do Estado. Mais cando o nacionalismo no goberno adopta medidas político-administra-
45 tivas tendentes a pór en valor, sen complexos, as nosas potencialidades, é aí onde se evi-
46 dencian as dificultades de Galiza para modificar o seu peso político no Estado español.

47
48 O nacionalismo galego enfrontou esta nova etapa, sen mellorar substancialmente a súa
49 capacidade de comunicación coa sociedade. Por outra banda, son moitas as cousas ben
50 feitas desde a acción do goberno que en moitas ocasións non somos capaces de trasladar

1 á sociedade e mesmamente a nosa militancia. A ausencia de medios de comunicación de
2 carácter galego, que actúen e dean información non xa en clave de país, senón polo
3 menos de maneira veraz e equilibrada, aumenta aínda máis a dificultade de comunicación
4 entre o goberno, a organización e a sociedade.

5

6 **d) Dezaseis anos de Fraguismo.**

7 O nacionalismo leva tres anos no goberno. O PP de Fraga estivo 16 anos de xeito ininte-
8 rrompido e con maioría absoluta. Iso xerou toda unha serie de inercias, de redes cliente-
9 lares, de metodoloxías de traballo que non se desmontan con facilidade. Hai que ter en
10 conta, ademais, a actitude en moitos casos contraria aos cambios da propia armazón
11 administrativa herdada da etapa anterior.

12

13 A herdanza do fraguismo en indicadores básicos, que xerou ou acentuou, foi tremenda-
14 mente má: despoboamento, avellentamento, emigración, paro, eventualidade e precarie-
15 dade, situación delicada de sectores produtivos básicos, desgaleguización... Estas son
16 algunhas das realidades coas que se atopou a súa chegada o BNG á Xunta de Galiza, e
17 para o que só tivo tres anos para facerlle fronte, tres anos que deben ter continuidade para
18 avanzar na consolidación dos acertos e rectificación dos erros. Ademais disto, a estrutura
19 funcional herdada non favorece un funcionamento áxil e eficaz da administración ao
20 servizo do pobo. A lentitude, as eivas do funcionamento, a división e falta de fiscalización
21 do traballo son tónica dominante da estrutura existente na Xunta de Galiza.

22

23 **e) Falta de acompañamento do *capital*.**

24 O Goberno Galego non é o único “poder” operante en Galiza, senón que á marxe das ins-
25 titucións existen outros poderes que operan na sociedade, e que teñen unha capacidade
26 importante de interferir e condicionar a política real na nosa nación. Eses poderes econó-
27 micos, de xeito xeral, non acreditaron e non apostaron por un crecemento autocentrado e
28 baseado nas propias potencialidades do País, con todo o que representa iso no plano polí-
29 tico e socioeconómico.

30

31 **f) PP e PSOE son partidos do sistema que non aspiran a transformalo. O poder é un fin 32 en si mesmo para eles.**

33 Para o nacionalismo galego, a participación no Goberno Autonómico ten un carácter ins-
34 trumental. É un medio, non un fin. Insírese nun proceso máis longo e complexo: a autode-
35 terminación nacional. Seríamos irresponsábeis se non utilizásemos todos os resortes ao
36 noso alcance para crear no pobo consciencia nacional e autoestima colectiva, indispensá-
37 beis para o impulso do proceso de autodeterminación de Galiza. Á inversa, para o PP e
38 PSOE, o goberno autonómico si é un fin. Non aspiran á transformación da sociedade, nin
39 a modificar a relación dependente co Estado. Velaí a diferenza fundamental.

40

41 **2.2.2.- Elementos positivos da nosa actuación no goberno.**

42

43 Con todo, o balanço sobre a presenza do BNG nas súas áreas de responsabilidade, e malia
44 ás dificultades antes expostas, é netamente positivo. Alén de adopción de numerosas medi-
45 das, obxectivamente beneficiosas para o noso país, e moitas delas de carácter fundamente
46 estrutural, a sociedade galega foi quen de comprobar que o nacionalismo pode gobernar e
47 sabe como facelo, de xeito honesto e ao servizo do país, e ademais sen interferencias alleas.

48

49 Porén, non é indiferente que un goberno autonómico, coas limitacións antes enumeradas,
50 e das que somos conscientes, se poña ao servizo do pobo galego e do proxecto estratéxi-

1 co do nacionalismo. Con independencia de todas as limitacións esóxenas e todas as defi-
2 ciencias e erros propios, a UPG entende que, aínda sendo inaprazábeis cambios impor-
3 tantes na nosa actuación no goberno, a valoración colectiva que facemos do paso do
4 nacionalismo polo Goberno galego é positiva.

5
6 Neste momento histórico a nosa presenza no Goberno: protexendo e revitalizando os nosos
7 elementos diferenciais como pobo e mellorando as condicións materiais de vida, así como
8 exercer a presión necesaria non só para o aumento competencial senón da redacción dun
9 novo Estatuto de Nación para Galiza son pasos non definitivos, pero determinantes para o
10 futuro do nacionalismo e Galiza. Existen importantes elementos positivos como a revitaliza-
11 ción da vida democrática e rexeneración das institucións, así como a transparencia e con-
12 trol democrático das mesmas fronte ao caciquismo, autoritarismo da etapa anterior.

13
14 Conseguimos agrandar e reforzar o espazo político do nacionalismo, posibilitando o con-
15 tacto con sectores sociais aos que antes custaba máis chegar e facendo máis visíbel ao
16 BNG como unha forza que non sabe facer só oposición, rachando con moitos prexuízos,
17 ideas preconcebidas e imaxes estereotipadas do nacionalismo e mantendo un perfil políti-
18 co propio e diferenciado do PSOE.

19
20 A actuación das áreas nacionalistas conseguiu mellorar as condicións materiais de vida de
21 moitos galegos e galegas e pór freo a algúns movementos dirixidos a aniquilar os nosos
22 elementos diferenciais como pobo, ademais de sentar as bases de cambio máis estruturais
23 no futuro, posibilidade de facilitar a visualización de que o autogoberno é un elemento
24 substancial no benestar das maiorías sociais do noso pobo.

25

26 **2.2.3.- A necesaria simbiose goberno-organización.**

27

28 **a) Unha nova situación política implica axustes organizativos.**

29 A necesaria autonomía e capacidade de decisión no día a día das e dos compañeiros no
30 Goberno non pode impedir o debate, o contraste e a capacidade de decisión dos organis-
31 mos do BNG sobre as grandes liñas estratéxicas da nosa actuación, así como a participa-
32 ción naquelas decisións concretas de calado que se deban tomar desde o Goberno.

33

34 A orientación política básica da acción de goberno debe ser debatida e avaliada polos
35 órganos de dirección do BNG. Estes órganos de dirección son tamén os que deben orien-
36 tar a creación e composición dese goberno, tendo en conta o criterio da organización a
37 nivel comarcal e tamén local, así como os acordos assemblearios.

38

39 **b) Relación goberno-organización: optimizar as súas potencialidades.**

40 Desde a chegada do nacionalismo ao goberno, unha das eivas que se detectaron foi a difi-
41 cultade existente para canalizar axeitadamente a relación entre a organización e o BNG no
42 Goberno. Debemos evitar que exista un distanciamento entre os cargos do Goberno e os
43 cargos e organismos do BNG, de maneira que estes actúen de maneira organizada, cohe-
44 rente e respectuosa en todo momento. Non hai que esquecer que os cargos do Goberno
45 tamén se deben á organización política e deben de participar na vida orgánica da fronte,
46 así como as propostas, suxestións ou críticas tamén se deben abordar nos organismos.

47

48 **c) Necesidade de manter ao BNG como organización actuante socialmente con indepen- 49 dencia da actuación do goberno.**

50 A necesaria participación e interrelación da organización política na acción de goberno e

1 na posta en común de ideas e proxectos é a mellor receita para unha acaída comprensión
2 das limitacións reais e da defensa do camiño emprendido. Cumpre, é indispensable, un
3 BNG vivo e socialmente actuante. Sería suicida e absolutamente incorrecto caermos na
4 tentación de pensar que coa chegada ao Goberno a organización política (e outros planos
5 de actuación do nacionalismo: sindical, cultural, lingüístico, xuvenil, etc.) deben pasar a
6 un lugar secundario ou subalterno. Cumpre, daquela, institucionalizar espazos de interre-
7 lación estábeis entre a dirección política do BNG e as áreas de responsabilidade naciona-
8 lista no Goberno, e vinculado a isto, co conxunto das organizacións que conforman o
9 Movemento Nacionalista Galego.

10

11 Certamente, a acción do nacionalismo galego na Xunta debe ser un dos ámbitos priorita-
12 rios de actuación para o BNG, pero non o único. Non debemos esquecer que, como xa
13 se dixo, o goberno non é un fin en si mesmo. É un medio para desenvolver institucional-
14 mente os nosos postulados políticos, aqueles que lle van permitir a Galiza avanzar como
15 nación con plenos dereitos políticos, sociais e económicos.

16

17 O feito de estar gobernando non pode implicar a carencia de tomas de postura públicas
18 sobre a acción do goberno e sobre calquera cuestión de interese para o País por parte do
19 BNG. É máis, resulta prioritario que sexa así desde o momento en que estamos compar-
20 tindo o goberno cun partido estatal que ten unha visión totalmente distinta de cal debe ser
21 o futuro do noso país. É imprescindible que o BNG presente con claridade ante a socie-
22 dade galega as súas tomas de postura políticas. Nese sentido, é necesario reforzar o papel
23 das e dos portavoces da organización á marxe dos institucionais, definindo claramente as
24 funcións de cada quen, e colocando ao mesmo nivel uns e outros tanto dentro da
25 Organización como fóra desta.

26

27 Cando se considere necesario derivar militantes que están a facer un traballo organizativo
28 de importancia cara a cargos institucionais que non lles permitan seguir desenvolvendo os
29 anteriores, é necesario realizar previamente un contraste local, comarcal e nacional no
30 camiño de non deixar eivada a organización. Debemos dar unha maior relevancia ao tra-
31 ballo organizativo, sexa este de carácter interno ou público, pois sen el a organización non
32 se sosteña e sen organización non hai goberno posíbel. É necesario que a organización
33 como tal teña un papel fundamental no día a día da sociedade galega. Non chega con
34 facer actos vinculados directamente co Goberno. O Goberno debe ter a súa propia actua-
35 ción como debe tela a organización, sen que o primeiro suplante a segunda.

36

37 A experiencia debería facernos coidadosos e respectuosos co papel que os organismos
38 locais, comarcais e nacionais do BNG deben xogar, sen esquecer nunca que é a organi-
39 zación a que chega ao Goberno, que son as teses da organización as que debemos plas-
40 mar na acción de goberno. Unha máxima clara que nunca debemos esquecer é que sen
41 organización, sen a nosa base militante, non estaríamos onde estamos.

42

43 **2.3.- A importancia da práctica lingüística e Cultural na conformación dun espazo terri-** 44 **torial de decisión e información.**

45

46 Desde a súa fundación, hai 44 anos, a Unión do Povo Galego -na liña do nacionalismo
47 anterior á guerra civil española- entendeu que a causa do idioma -a súa práctica visíbel
48 socialmente e nos espazos públicos- era indisociábel da loita global por conseguirmos a
49 emancipación nacional da Galiza. Tal definición non ficou só na declaración teórico-dou-
50 trinal, senón que se materializou nun uso normalizador que visaba ampliar a utilización

1 da lingua galega a todas as interaccións mancadadas pola diglosia e mais reintegrar na
2 mesma todos os español falantes, educados nunha socioloxía e nunha psicoloxía desgale-
3 guizadoras. Así, o galego foi a porta de entrada para a adquisición dunha consciencia
4 sobre a nación, inexistente, durmida e adoito impedida por tantos anos de españolización.

5
6 Esta práctica supuxo unha ruptura total da norma: non só da escrita, a través de leis puniti-
7 vas para o uso do galego e impositivas do idioma oficial do Estado, senón tamén dunha
8 norma non escrita, asentada consuetudinariamente, que daba por natural a ocultación da
9 lingua nacional en todos os espazos e funcións de relevo social e público. Tal ruptura pro-
10 voca un cambio social -a práctica do galego revélase como o elemento democratizador e
11 anticlasista por excelencia- e un cambio político: anúnciao e refórzao. Tratábase de conse-
12 guir, por todos os medios, que a lingua galega, no seu territorio natal e na sociedade que o
13 creara, volvese ser ubicua, non clasista nin grupal. É desta iniciativa política -e non de impul-
14 sos académicos ou institucionais- da que nace a mudanza cualitativa para o galego que con-
15 seguiu remover unha situación de hostilidade e de acoso, de desprezo e autodesprezo, e
16 que, aos poucos, deu impregnado dunha galeguización -nin sequera formal- certos ámbitos
17 de actuacións públicas: o galego, mesmo usado ritual e limitadamente, convertérase nun ele-
18 mento de lexitimación aparenial para as forzas políticas españolas actuantes na Galiza.

19
20 Se se considerou a lingua un asunto **político** central, foi, en primeiro lugar, porque políti-
21 ca fora a súa erradicación histórica: non é que o nacionalismo galego “politice” a lingua;
22 son as institucións do Estado e a economía capitalista de que son pantalla as que conde-
23 naron o galego a funcións coloquiais, rurais, residuais.

24
25 No derradeiro cuartel do século XX, o nacionalismo galego ergueu un valado normaliza-
26 dor que, porén, non deu fendido o muro hexemónico do español. Do carácter fundamen-
27 te político da restauración pública do idioma nacional dá fe non só a definición do nacio-
28 nalismo antes mencionada senón, e fundamentalmente, a *contra*. Isto é, toda a estratexia
29 españolizadora que se pon en marcha para impedila ou torpedeala. Esta estratexia de rees-
30 pañolización e de desgaleguización valeuse -e válese- de todas as tácticas posíbeis: chá-
31 mense Real Academia Española, medios de comunicación masiva, como xornais ou emi-
32 soras de radio, elementos universitarios, asociacións supostamente cívicas teledirixidas
33 politicamente, clubs financeiros... Todo semella valer para dar a aparencia de que a gue-
34 rra antigalego non é unha cuestión política central en que lle vai a vida ao españolismo
35 (rama PP / rama PSOE), senón un asunto “social”, de cidadáns “prexudicados” pola lingua
36 galega, nunha apoteose da mentira, o engano e a contradición de todas as evidencias: trá-
37 tase de brandir o fantasma dun galego que ameaza a convivencia e a “paz” social (!).

38
39 A realidade, claro está, é moi outra: toponimia aínda sen restaurar integramente; incum-
40 primento de normas para o ensino; continuísmo e tradicionalismo nos medios de comu-
41 nicación de titularidade pública, nomeadamente na TVG, tanto no (des)uso da lingua
42 canto nunha información-programación que continúan a ser descentradas, tradicionalistas
43 e seguidistas do imán español; uso do español en actos públicos por parte de membros do
44 Goberno; conculcación de dereitos humanos básicos, como o uso do idioma propio na
45 Xustiza, non só inadmitido senón mesmo perseguido... e un longo etcétera.

46
47 Máis unha vez -e con armas renovadas- o españolismo **si** considera **cuestión central** a
48 batalla da lingua e reforza o seu arsenal de argumentos falsos e de alienación para anular
49 mínimos logros normalizadores da lingua galega, falando en nome dunha liberdade que
50 só usan para excluír e negar o uso público do galego. Semellante estratexia é particular-

1 mente grave no caso do galego porque recae sobre unha sociedade en que inzan aínda
 2 prexuízos seculares contra o uso público do mesmo e sobre unhas institucións -estatais e
 3 autonómicas- que nin sequera aplicaron prácticas de cooficialidade legal, de forma xeral,
 4 nos seus ámbitos de actuación. **Como é obvio, perante esta nova ofensiva, cobra aínda**
 5 **moito máis valor a mobilización social, a resposta cívica, a intervención colectiva, en**
 6 **suma, para responder no mesmo escenario e con interlocutores semellantes** (nais e pais
 7 de fillos en idade escolar; estudantes; profesores; todo tipo de asociacións que defendan
 8 e practiquen o dereito natural a se produciren en galego; profesionais de calquera ámbi-
 9 to; empresarios; elementos vinculados á Xustiza ou á Igrexa... e un longo etcétera).

10

11 **2.3.1. O nacionalismo como vangarda social no impulso do proceso de normalización**
 12 **lingüística e cultural. Recuperar consciencia histórica e avanzar na normalización dos**
 13 **usos da lingua. O papel das institucións.**

14

15 Á hora de avaliarmos se houbo ou non un cambio de tendencia significativo nos últimos
 16 tres anos, ao abeiro dun anunciado cambio político e baixo o goberno PSOE/BNG, a con-
 17 clusión non é positiva. Ben é certo que o *cambio* lingüístico depende de variábeis com-
 18 plexas -mesmamente porque supón e preludia un cambio social-, moitas delas alleas á
 19 acción governamental e fillas dunha situación de dependencia global en que se moven a
 20 economía e a política galegas, en grande parte. Asemade, hábitos desgaleguizadores
 21 inculcados na poboación durante épocas enteiras non van desaparecer dun día para o
 22 outro, nin sequera en anos: levará tempo e tempo limpar prexuízos e converter mudanzas
 23 atitudinais e afectivas en reposición efectiva do idioma. Mais este cadro xeral non é exi-
 24 mente absoluto dunha acción de goberno que **si** ten recursos legais, dispositivo institucio-
 25 nal, normativas, megafonía, capacidade de prestixiación e de uso exemplar. Non se esti-
 26 vo á altura das circunstancias nin das necesidades que a lingua galega segue a ter. Non se
 27 innovou na mínima medida precisa. A Secretaría de Política Lingüística -umbilicalmente
 28 ligada á Presidencia da Xunta de Galiza- continuou a realizar unha política tradicionalis-
 29 ta que nin deu de si no pasado nin menos no presente. As actuacións oficiais e todo o
 30 esforzo de base -político, asociativo, sindical, tamén individual...- seguen camiños parale-
 31 los: non existiu confluencia de iniciativas nin respaldo oficial ao que a propia sociedade
 32 galega produce e anima a prol da visibilización pública do galego. Consellarías funda-
 33 mentais como a de Presidencia ou a de Educación non se involucraron nos mínimos pre-
 34 vistos no Plano Xeral de Normalización Lingüística, aprobado, por certo, por unanimida-
 35 de do Parlamento Galego no 21 de Setembro de 2002, *alegre* aprobación que, ao que se
 36 ve, é a coartada perfecta para PP e PSOE non o cumpriren, no ámbito das súas responsa-
 37 bilidades. A mensaxe governamental máis reiterada pasa por repetir que o galego non é
 38 un problema nin debe selo, sen que se dea un paso para que os problemas reais de uso
 39 público que o galego ten se solucionen. Obviamente, por este camiño, o galego deixará
 40 de ser un problema, definitivamente, cando o seu uso se parálise ou se estanque en usos
 41 consentidos que non teñan o menor efecto multiplicador. Isto é, aqueles que marcan xus-
 42 tamente o seu confinamento, a súa prostración.

43

44 A autocrítica, nas nosas filas, nunca é improdutiva, se se concretar en análise e corrección
 45 de comportamentos políticos. Na xestión das Consellarías nacionalistas conviven: esfor-
 46 zos verdadeiros por normalizar o galego con realismo e pragmatismo; iniciativas legais e
 47 institucionais realmente anovadoras; colaboración con entidades non governamentais;
 48 silencios inxustificables verbo de auténticas lesións para os dereitos dos galego-practican-
 49 tes; falta de enerxía na denuncia de ataques “sociais” ante- e antilegais; e, sobre de todo,
 50 a concepción da cuestión da lingua como un asunto quer de rutina quer de cumprimento

1 endogámico e sectorial, o que contraria o axioma de que a lingua hai que a repor e res-
2 taurar alí onde ela exista, non onde nós a podemos practicar.

3
4 A esta altura do *filme* histórico, pode que aínda non coñezamos os resortes efectivos para
5 dar á lingua galega a *saúde* que merece, mais si está claro o que **non** vale nin é útil no
6 proceso de normalización. Após máis de 25 anos de política institucional, cunha Lei de
7 Normalización Lingüística que xa cumpriu esta idade, con millares de millóns de
8 pesetas/euros gastos baixo este epígrafe, fica claro o que non se debe seguir a facer neste
9 campo: ritualización, liturxias varias, política de homenaxe, ollos cegos ao que fai a parte
10 maioritaria do goberno, silencio ante ataques de real galegofobia...

11
12 Boa parte dos asertos anteriores valen para definir -e reformular- a política cultural. Non
13 porque a lingua sexa un obxecto, artefacto ou produto cultural, senón porque unha e outra
14 -política lingüística e política cultural- seguen a ser, e deberan ser, espellos óptimos da nosa
15 vontade de reapropiación nacional, coñecemento da historia e da particular acumulación
16 sociocultural de que nos dotamos e, fundamentalmente, expresivas dunha vontade de auto-
17 determinarnos, asumir as nosas propias decisións políticas, responsabilizarnos delas e exer-
18 cermos con naturalidade a práctica do noso idioma, a vinculación do saber ao coñecemen-
19 to e socialización da nosa historia non deturpada e das nosas artes, termos dereito a unha
20 información-programación mediática que parta da Galiza e a ela volve. O inicio desta ten-
21 dencia, mesmo só iniciada nun proceso que durará anos e anos, será revolucionario nos
22 seus estritos termos, porque alumará un cambio social, unha mudanza de mentalidades e
23 de actitudes, un aumento necesarísimo da autoestima colectiva, que só beneficios poderá
24 reportar para a marcha xeral do nacionalismo, resultados electorais incluídos, mesmo que
25 os seus efectos inmediatos sexan menos vistosos (tamén, máis consistentes no tempo) do
26 que calquera política de propaganda puntual. Os sucesivos programas electorais do BNG -
27 por citarmos aqueles documentos que poden chegar a máis público- non son escasos nin
28 retóricos na declaración de necesidades na política lingüística e mais na política cultural,
29 nin vacuos á hora de proporen medidas concretas de goberno e alternativas posíbeis. Hai
30 múltiples necesidades que seguen vivas e que deben ser abordadas dunha vez. Por isto, son
31 vixentes e manteñen o seu valor os seguintes principios e medidas:

32
33 - O nacionalismo galego debe seguir sendo vangarda social no proceso de normalización
34 da lingua galega e na socialización cultural que protexa, dea a coñecer e valorice a histo-
35 ria nacional, o patrimonio artístico, todas as producións culturais actuais, de forma plural
36 e innovadora.

37
38 - O nacionalismo galego é o responsábel histórico -e a quen lle cabe, por tanto, o mérito-
39 de ter levantado a cuestión do idioma como un problema a resolver e non como unha ruti-
40 na a conservar minguadamente. **Ante un reforzo contundente das políticas de reespañol-**
41 **ización forzosa que se valen de pantallas ou interlocutores sociais, é dobremente impor-**
42 **tante a resposta, tamén social, de todas as voces posíbeis contra aquela e a favor do gale-**
43 **go e da súa presenza normal en calquera dominio social:** xustamente en todas as funcións
44 onde non se discute nin cuestiona a presenza do español e onde, por lóxica, debe apare-
45 cer o galego de forma natural.

46
47 - É, pois, imprescindible reactivar a mobilización social a favor do idioma, que debe ir
48 acompañada dunha decidida actuación institucional por parte dos representantes do
49 nacionalismo, tanto na defensa do dereito individual e colectivo a vivirmos en galego
50 como no impulso de medidas efectivamente normalizadoras.

1 - Neste sentido, é urxente a necesidade de adecuar dunha vez políticas declarativas e políticas prácticas: aplicación vixiada da lexislación positiva existente verbo da lingua galega e renovación lexislativo-política onde for precisa. A escasa execución das medidas incluídas no Plano Xeral de Normalización Lingüística ha de ser completada e avaliada, con orzamentos e prazos de tempo previstos.

6
7 - Na negociación política con calquera parceiro de goberno, a política lingüística de mínimos respectábeis e practicábeis ha de ser asunto central e irrenunciábel, vinculante, a respecto doutros eventuais pactos ou acordos.

10
11 - Tanto na xestión lingüística como na xestión cultural, é vital a cooperación con todas as entidades non gobernamentais e con todos os axentes culturais que están a traballar a prol daqueles obxectivos de (re)coñecemento de nós que mencionamos.

14
15 - A xestión do turismo; a posta en común coas institucións culturais galegas -históricas ou recentes; a colaboración con outras institucións públicas -para unir e coordinar esforzos e romper o minifundismo e a fragmentación que aínda pexa a oferta cultural galega- son pezas fundamentais na necesaria exhibición normal da lingua galega e nunha política cultural ao servizo dunha maioría. Se o exemplo público faltar, mal se vai somar o sector privado (bancario, mediático) con todo o peso financeiro e divulgador que ten.

21
22 O país enteira, a Galiza, aínda está á espera de ser coñecido e prezado por todos nós, os seus propietarios, as galegas e os galegos de hoxe. Un obxectivo tan preciso e, ao tempo, tan ambicioso nin se vai lograr en pouco tempo nin depende só dunha adecuada política gobernamental. A “marcha dos tempos” (sen eufemismos, a marcha do capitalismo mundial e de todos os seus brazos, multinacionais e Estados incluídos) non favorece precisamente a consecución dos obxectivos propostos. Mais non debe ser un obstáculo insalvável nin un cómodo pretexto pola nosa parte para non iniciarmos, ao menos, un cambio de tendencia, que terá moito de resurrección do feito historicamente polo nacionalismo galego, en tempos non máis favorábeis do que hoxe: nin o vello é antimoderno, por definición, nin o actual é sinónimo de avanzado. A superestrutura gobernamental si debe servir de apoio e de protección do que socialmente o nacionalismo galego ten de activar, nunha sociopedagogía que rompa rutinas e amplíe a súa base de receptores.

34
35 **2.3.2. Un espazo informativo propio. Os medios de comunicación de titularidade pública e os medios privados. Responsabilidade do Goberno galego no deseño e funcionamento dunha RTVG ao servizo da sociedade galega.**

38
39 A procura dun espazo galego de opinión e información é unha tarefa inescusábel do nacionalismo galego. É tamén unha condición necesaria para que a democracia se materialice en Galiza en beneficio das grandes maiorías sociais. Non é posíbel a democracia en Galiza desde a imposición dun pensamento alleo que se transmite a través de medios de comunicación que non reflicten nin os intereses nin a realidade da nosa nación.

45
46 É un dereito humano elemental o uso da lingua propia no propio país e en todos os ámbitos, nomeadamente tamén no campo da comunicación de masas. Neste terreo os avances foron moi limitados nos últimos anos e, desde logo, a situación dista moito de ser a dun país normalizado.

50

1 A secundarización da lingua galega nos medios de masas privados é correlativa á secun-
2 darización da realidade de Galiza nes mesmos medios. O que prima é a axenda infor-
3 mativa que se marca desde Madrid. Ou dito doutro xeito, o que prima son os intereses das
4 elites dominantes no Estado. Os medios privados galegos son, na súa maioría, correas de
5 transmisión das estratexias que se trazan no centro do Estado. Son un eco do aparato
6 mediático estatal.

7
8 A situación nos medios públicos galegos dista moito de ser satisfactoria, mesmo no que
9 ten a ver co uso da lingua galega (con frecuencia recórrase a todo tipo de coartadas para
10 preterir o seu uso e para introducir o español de matute). Os medios públicos galegos com-
11 pórtanse adoito como satélites dos privados. Non teñen unha axenda informativa propia.
12 Reproducen a ambientalmente española.

13
14 Nos medios públicos galegos o Goberno por excelencia é o Goberno español, o adxecti-
15 vo nacional aplícase sempre a España e ao español e as iniciativas do Goberno do Estado
16 sempre prevalecen a respecto do Goberno de Galiza. A xerarquización da información
17 sitúa España como o preeminente e Galiza como o secundario. Un Goberno do Bloque
18 Nacionalista Galego na próxima lexislatura debe fixarse como obxectivo mudar este esta-
19 do de cousas e producir un cambio verdadeiramente cualitativo.

20
21 No mandato actualmente vixente, a correlación de forzas no goberno galego, impediu que
22 as iniciativas promovidas polo BNG a respecto dos medios de titularidade pública puide-
23 sen alterar a esencia do statu quo herdado do PP. Deste xeito, os servizos informativos da
24 TVG seguen a ser un aparato máis de propaganda do Goberno do Estado e dunha parte
25 do Goberno galego empecendo, ao mesmo tempo, de xeito grave o traballo do naciona-
26 lismo en prol da necesaria rexeneración democrática destes medios.

27
28 O PSdG-PSOE é o único responsábel de que a reforma da lei da CRTVG –un dos compro-
29 misos subscritos no pacto de goberno que asinou co BNG- non se materializase antes e
30 tivese plena operatividade nesta lexislatura. E éo porque en todo momento se sentiu cómo-
31 do co marco establecido no seu día polo Partido Popular.

32
33 A única hipótese de cambio real neste campo é, por tanto, un reforzamento das posicións do
34 BNG no Goberno galego. Só un BNG máis forte estará en condicións de lograr a democrati-
35 zación dos medios de comunicación públicos en Galiza, val dicir, a súa galeguización. E só
36 un BNG máis forte poderá converter o Goberno galego nun interlocutor digno na relación cos
37 medios de comunicación privados, de maneira que estes entendan que a súa función social
38 debe ser ante todo servir os intereses do País e reflectir antes que nada a súa realidade.

39
40 Nesta materia, deben ser obxectivos prioritarios do nacionalismo galego os seguintes:

- 41
42 a) A creación dun auténtico espazo galego de comunicación, sendo Galiza centro e non
43 periferia.
44 b) O pleno respecto á participación social e ao pluralismo da sociedade.
45 c) O uso exclusivo da lingua nacional e o favorecemento das relacións coa lusofonía.
46 d) A garantía dunha maior suficiencia orzamentaria dos medios de titularidade pública
47 para estes poderen concorrer en igualdade de oportunidades cos medios privados.
48 e) O control rigoroso do cumprimento por parte dos medios privados das condicións esta-
49 belecidas para a concesión por parte do Goberno galego de licenzas de radio e televisión
50 (mínimo horario de emisión en galego, mínimo de produción propia).

1 f) O condicionamento a uns mínimos no uso da lingua galega (non inferior a 20% na pren-
2 sa escrita e de 60% nos medios audiovisuais) de todas as liñas de axudas públicas aos
3 medios privados.

4
5 A próxima lexislatura ten que ser a lexislatura do cambio galego nos medios de comuni-
6 cación privados e públicos. O nacionalismo debe ser consciente de que esta cuestión é
7 central para o avance da causa da emancipación do noso pobo. Porque ten a ver coa esen-
8 cia da democracia e coa necesaria conformación dun espazo galego de libre determina-
9 ción, imposible sen instrumentos que permitan que o noso pobo poda coñecer a súa pro-
10 pia realidade.

11
12 **2.4. A importancia dos símbolos nacionais para a consciencia de sermos unha nación dife-**
13 **rente: os compromisos institucionais e das organizacións sociais no seu espallamento.**

14
15 Os símbolos nacionais deben ser vistos como expresivos dunha consciencia sobre a iden-
16 tidade querida e procurada, non como ornamentos intercambiábeis. Nunha nación como
17 a Galiza, tan precisada de exteriorización e exhibición desacomplexada, e, ao tempo, tan
18 premida secularmente por unha contundente e programada españolización (touradas, uti-
19 lización das seleccións deportivas españolas –especialmente no fútbol–, deformación da
20 historia ao servizo da España única, vultos da cultura española presentados como incon-
21 trovertíbeis, programas de ensino que seguen a omitir datos elementais da xeografía, his-
22 toria e artes galegas...), é especialmente importante asociar símbolos fundamentais como
23 o Himno, o nome da nación e todos aqueles elementos que nos identifican inequivoca-
24 mente como galegos (toda a cultura material e inmaterial; a arte, humanización da paisa-
25 xe e historia específicas) a calquera loita que mereza o nome de nacionalista. É vital a súa
26 popularización e difusión como instrumentos de vinculación á Terra sentida e pensada
27 como Patria e, aínda, como elementos dunha desespañolización ben precisa, tanto máis
28 canto que segue a ser fonte dunha alienación constante e dun estrañamento verbo do pro-
29 pio que ningún país normal do mundo tolera.

30
31 Foinos imposto, historicamente, o dereito a ignorármonos e a silenciar ou mudar o noso
32 propio nome. Chegamos a chamarnos (“gallegos”, “Galicia”) cos nomes que valeron para
33 vituperarnos, nunha enxurrada incesante de ignominia e desprezo. Conquistamos o derei-
34 to a recuperarmos as formas orixinais e xenuínas: **galego, Galiza**. Non é indiferente esta
35 reapropiación, como non o é utilizar como referencial Galiza e non España, diferenciar
36 nacional e estatal, distinguir nacionalidade real de nacionalidade imposta ou defender a
37 soberanía estética e cultural da nación galega. A maior abundamento, toda a estratexia
38 que nega que unha nación como a Galiza teña dereito a coñecer e exhibir os seus símbo-
39 los, historia, mitos, lendas, tradicións... convive coa máis furiosa imposición chauvinista
40 dos símbolos indiscutidos doutros, do Estado que se pretende único e da nación que se
41 arroga o monopolio de tal.

42
43 Como no anterior, neste campo é fundamental que as institucións públicas actúen de mans
44 dadas con todo o movemento asociativo (sindicatos; bandas de música; corais; asocia-
45 cións culturais; publicacións periódicas...) e, desde logo, coa radio e mais a televisión
46 públicas, a fin de que actos tan normais como o canto do Himno íntegro e coa súa letra
47 orixinal, por exemplo, deixen de ser excepción e se convertan en norma. De novo cobra
48 validez o apuntado no apartado anterior, no tocante á cooperación institucional e a toda
49 a actuación social non gobernamental.

50

1 **2.5.- A importancia da autoorganización política e social da nación.**

2
3 O nacionalismo sempre tivo a autoorganización como un dos seus principios organizati-
4 vos básicos, pois sabía que só a independencia de acción lle podía dar ese carácter de
5 forza política nacional. A historia móstranos exemplos de como, en certos momentos, a
6 batalla de sectores ou grupos que loitaban dentro do campo nacionalista derivou en pos-
7 turas de achegamento a outras forzas políticas de carácter español baixo a idea de que se
8 podía traballar dentro delas para galeguizalas e, dalgún xeito, demostrar que podían tra-
9 ballar tamén polo obxectivo da autodeterminación. Tanto no campo sindical, como no
10 político como no social, cando isto se chegou a se facer efectivo, os resultados foron sem-
11 pre os mesmos: que nin galeguizaron nin introduciron cambios nos obxectivos políticos
12 das forzas españolistas, acabando por seren absorbidas polas mesmas. Pola contra, quen
13 obrigou a que tivesen que adoptar, cando menos, unha carauta galeguizadora, foron as
14 organización nacionalistas que defenderon sempre o principio de autoorganización.

15
16 Neste momento histórico no que a pluralidade política, a diferenza cultural e a identida-
17 de nacional son arreo obxectivo de abouro e desprestixio por parte das novas caras que
18 toma o imperialismo na Galiza (PP e PSOE son abandeirados nesta teima), faise necesario
19 fortalecer a idea nacionalista un tanto debilitada, debido tamén á confusión ideolóxica e
20 a certa ralentización do noso traballo. E dentro desa idea está o principio da autoorgani-
21 zación como punto chave para unha toma de conciencia propia e para xerar unha diná-
22 mica política, social e sindical que responda ás propias necesidades e aspiracións do pobo
23 galego e non a actos reflexos do que acontece a nivel de Estado.

24

25 **2.5.1.- A función da UPG no conxunto do movemento do nacionalismo.**

26

27 Os longos e intensos anos da acción nacionalista caracterizaron o noso Partido como unha
28 organización consolidada, coherente cos seus principios políticos e con traballo continua-
29 do. Esa experiencia que pasou por momentos moi variados, conflitivos ás veces tamén a nivel
30 interno, levouno a unha práctica no BNG na que sempre buscou o equilibrio das partes que
31 o compoñen, defendendo sen titubeos os principios ideolóxicos da Fronte como motor irren-
32unciábel da súa actuación. Non será diferente, hoxe, o papel que ha xogar, fóra da adecua-
33ción ás particularidades do momento político que vivimos, caracterizado, como novidade,
34 pola presenza do nacionalismo nas tarefas do goberno autonómico, e polo asedio máis
35 acentuado do imperialismo sobre todo tipo de acción que intenta superalo.

36

37 É importante, xa que logo, reafirmarmos a nosa teoría sobre a presenza e actuación social
38 como principio básico para a transformación real da nosa situación de dependencia. E
39 dentro do amplo campo sindical, cultural, veciñal, institucional... social, en definitiva, que
40 ten a ver co nacionalismo actuante, sermos como Partido unha referencia ideolóxica e
41 activa disposta sempre a dinamizar o traballo que nos corresponda baixo os principios ide-
42olóxicos que nos uniron na conformación dunha Fronte popular e interclasista. E dicimos
43 isto precisamente hoxe, con máis contundencia se cabe, pois a situación internacional,
44 europea e estatal, arrecían unha ditadura disfrazada que está a crear unha consciencia
45 acrítica e desculturizada, a manipulación do desenvolvemento histórico das nacións, a
46 despersonalización e desideoloxización das identidades para o mellor control dos move-
47mentos populares antiimperialistas.

48

49 A UPG, pois, ha axudar a dar a maior cohesión posíbel aos obxectivos e loita común dos
50 distintos sectores do nacionalismo para sacarlle maior beneficio e rendibilidade social ao

1 seu traballo, e máis nun momento en que a nosa presenza no Goberno autonómico pode
2 facer realidade programas e obxectivos definidos e reclamados polos diversos sectores da
3 acción popular. Neste sentido, a comunicación recíproca, entre goberno galego e o move-
4 mento social convértese nun obxectivo a perfeccionar.

5

6 **2.5.2.- Reciprocidade das partes para o avance do proceso de autodeterminación.**

7

8 Unha nación dependente ou colonizada, unha nación sen Estado, crea a súa teoría de
9 emancipación baixo o criterio estratéxico de acadar a súa soberanía, pois sabe que só esta
10 condición reparará a inxustiza antidemocrática que padece. O nacionalismo galego fíxoo
11 así desde o seu inicio. Calquera movemento popular que se autodenomina nacionalista
12 sabe que este pasa a ser punto definitorio do seu programa, sexa aquel político ou sindi-
13 cal. O nacionalismo galego non foi unha excepción dentro do contexto antiimperialista
14 mundial, e todos os movementos sociais que creou deixaron claro esta finalidade. A auto-
15 determinación, por tanto, é obxectivo común do movemento nacionalista, pois sen ela a
16 nación nunca será libre, e será imposíbel así falar de democracia.

17

18 Parece lóxico pensar en termos obxectivos da nación, que a unión táctica para un fin axi-
19 liza a consecución do mesmo, e que o atraso na acción común respectuosa sempre coa
20 independencia de cada quen, pode obedecer máis a intereses subxectivos. Faise preciso
21 traballar, desde o respecto pola soberanía e independencia das asociacións, por xerar
22 unha maior dinámica de cooperación que dote o movemento nacionalista de claves de
23 análise e actuacións conxuntas que nos permitan avanzar colectivamente.

24

25 A táctica da loita diaria ten sempre un perfil final de absoluto, de como queremos que sexa
26 o alfoz da nosa acción. De como, en definitiva, tería que ser a Galiza soberana. Perder o
27 horizonte é perder a loita pola transformación social. Perder a utopía é perder os obxecti-
28 vos, facer da táctica estratexia. Hoxe, momento difícil social e politicamente para todas
29 aquelas persoas que loitamos pola soberanía da Nación, mais esperanzador tamén polos
30 novos campos políticos que abrangamos. É necesario reafirmármonos nesa idea que ini-
31 cia a nosa teoría nacionalista; é necesario o bronce que, aínda bañado con outros metais
32 de distinta cor, afirme a masa con todas as partes que a han compor. A unión de todos para
33 a estratexia da autodeterminación, sabendo que os doces que nos botan hoxe para asimi-
34 larnos, son prato de lentellas e cortan o avance. Cando consigamos que a nación (parti-
35 dos, Fronte, movementos sociais) marche unida na estratexia, a autodeterminación estará
36 máis preto. E daquela seremos soberanos.

37

38 **2.6.- Nacionalismo e internacionalismo. Papel transformador do nacionalismo, condición** 39 **necesaria para o desenvolvemento das potencialidades do pobo galego e establecece-** 40 **mento de relacións iguais entre nacións. O Nacionalismo como panca pacifista e anti-** 41 **imperialista.**

42

43 Na medida en que o movemento nacionalista represente un proxecto antiimperialista e
44 liberador, este véñse a constituír en alicerce e contribución dun proceso que debe tentar
45 establecer unha nova orde mundial mais xusta, mais plural e, polo tanto, máis respectuo-
46 sa coa diversidade, no camiño de construír o que ten de ser entendido como o verdadei-
47 ro internacionalismo. A base constitutiva do que se debería entender como internaciona-
48 lismo non é outra que a que se asenta no establecemento de relacións en pé de igualda-
49 de entre de pobos libres e soberanos, o que debería levar á construción dunha nova orde
50 internacional, lonxe das actuais relacións internacionais baseadas no predominio das rela-

1 cións imperialistas caracterizadas pola xerarquización, a submisión e a opresión da “for-
2 mación” central do capitalismo encima das periferias do sistema, entendida esta periferia,
3 non no sentido xeográfico do termo, senón en función do papel económico que o sistema
4 dominante lle teña asignado.

5
6 Temos, pois, de reafirmar a concepción do pobo galego, non como un ente abstracto,
7 senón como a sociedade galega autoorganizada constituída en protagonista político acti-
8 vo e como tal con dereito a determinar as súas alternativas, en función da interpretación
9 e análise, que faga, a respecto do papel que se nos ten asignado como sociedade inseri-
10 da na estrutura do Estado español, na Península ibérica, na UE e no mundo e do papel
11 que queremos desempeñar como pobo soberano nunha auténtica sociedade de nacións
12 libres.

13
14 Nesta etapa actual da evolución do imperialismo nunca foi tan extensa e agresiva a uniformi-
15 dade ideolóxica, cultural, dos estilos de vida e dos hábitos sociais. É máis profunda a des-
16 igualdade económica entre os países máis ricos e os cada vez máis dependentes e subdesen-
17 volvidos e son maiores os danos irreparábeis ao medio, pero tamén das privatización de ser-
18 vizo públicos fundamentais, da precariedade, da flexibilidade laboral, do empobrecemento
19 de máis sectores sociais e das migracións en masa. A mundialización imperialista presenta
20 resultados sen precedentes na historia da humanidade na destrución das estruturas propias de
21 produción e unha exacerbada espoliación das materias primas das nacións e pobos.

22
23 É por iso que, mentres exista o imperialismo, o mundo está lonxe da realización do ideal
24 nacionalista. Nos últimos tempos foi sendo unha constante a rexionalización como unha
25 das formulas de extensión o imperialismo, disfrazándose de progreso, cantando as bon-
26 dades da desaparición das fronteiras. Na realidade, observamos que é esa minoría que
27 domina os resortes da explotación, quen está a erguer novas e múltiples fronteiras de nega-
28 ción das nacións e pobos, de inxustiza e de desigualdade.

29
30 Fronte á mundialización do capitalismo, os dereitos e liberdades mantéñense nunha diná-
31 mica de retroceso mesmo para “os poucos privilexiados” habitantes do centro. É o capita-
32 lismo quen ergue novas fronteiras de negación dos avances científicos e das novas tecno-
33 loxías ao servizo dun desenvolvemento nacional propio, en favor das maiorías sociais, da
34 igualdade e da xustiza. Refórzanse as fronteiras dos grandes Estados para eliminar a diver-
35 sidade e pluralidade cultural, lingüística, etc.

36
37 Constrúense novas fronteiras desde o racismo e a xenofobia, oportunamente axitadas, pola
38 “competencia desleal” que agora representan os inmigrantes para os traballadores dos paí-
39 ses receptores. Todo iso vén acompañado de comportamentos autoritarios por parte do
40 poder, temerosos das respostas ante a desestruturación e descomposición social e á posta
41 en cuestión do modelo neoliberal. Neste sentido, o comezo da crise actual e o medo as
42 súas consecuencias desavastadoras están a xerar unha preocupante extensión destes reac-
43 cionarios comportamentos a máis sectores da sociedade. Novas fronteiras desde os apare-
44 llos dos Estados, que se afastan cada vez máis do control democráticos dos pobos e uti-
45 lizados descaradamente polos intereses das transnacionais. Nesta evolución mundial, a
46 fundamentación do nacionalismo galego no antiimperialismo, pacifismo e internacionalis-
47 mo, como expresión da fraternidade universal entre as nacións e pobos, seguen a ser con-
48 ceptos claves para quen acredita nunha transformación no noso país e na procura dunha
49 outra orde internacional.

50

1 3.- ACTUALIZACIÓNS ORGANIZATIVAS.

2

3 Coidamos que as análises e propostas de mellora organizativa recollidas nas Teses do XI
4 Congreso gozan de vixencia. Afortunadamente, tamén foron moitos os avances logrados
5 para unha mellor estruturación interna do Partido e un incremento da súa influencia social.
6 Recollemos entón aquelas cuestións sobre as que debemos seguir incidindo:

7

8 3.1.- A militancia.

9

10 É necesario que cada novo e nova militante teña un encadramento nunha área de traballo
11 específica (sindical, xuvenil, institucional, organizativa, veciñal, cultural ou asociativa
12 doutro tipo). A Asemblea Comarcal de militantes velará por que cada quen cumpra un
13 determinado traballo político. Debemos garantir que toda a militancia participa regular-
14 mente na vida orgánica do Partido (Asembleas Comarcais, de Zona, Comisións de traba-
15 llo sectoriais, etc.) e da Fronte patriótica. Para que se teña unha visión global e non xerar-
16 quizada da actividade política convén que todos asistamos e interveñamos nas reunións.
17 É crucial para a UPG que se discutan colectivamente as posicións políticas, para seren asu-
18 midas conscientemente e executadas con convencemento e disciplina.

19

20 3.2.- Organismos do Partido.

21

22 a) As Asembleas Comarcais e as Asembleas de Zona.

23 A experiencia destes tres anos confirmou o atinado de colocar nun primeiro plano da par-
24 ticipación da militancia a **Asemblea Comarcal**. Pensamos que os próximos anos teñen que
25 estar destinados a reforzar esta liña de traballo. Semella idóneo o período mínimo co que
26 se deben xuntar xa establecido nos Estatutos: cada dous meses. As **Asembleas de Zona**,
27 a maiores de aspectos políticos concretos do territorio, deben orientarse para o debate
28 político con temas de actualidade, favorecendo a participación e a formación. Esta adap-
29 tación ás novas circunstancias debe levar a reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano.
30 Dependentes destas estruturas Zonais ou Comarcais pódense crear, de xeito permanente
31 ou circunstancial, Asembleas Locais e/ou Comisións sectoriais. As mesmas contarán coa
32 aprobación do Comité de Zona e estarán baixo a súa supervisión orgánica e política.

33

34 b) Os Comités de Zona.

35 Estes órganos son sen dúbida unha peza chave no funcionamento do Partido, tanto a nivel
36 central como territorial. Enlazan ambos espazos e permiten ter unha visión global da
37 acción política que desenvolve a UPG. A súa atención en canto ao funcionamento regu-
38 lar, asistencia, preparación das xuntas e selección dos temas a tratar é esencial. Para que
39 cumpran atinadamente a súa función deberá ter unha composición equilibrada das áreas
40 de traballo nas que o Partido actúa ou quere incidir no futuro así como as comarcas que
41 abarque. O propio Comité de Zona determinará as responsabilidades que necesita crear
42 mais, cando menos, existirán a de Organización, Sindical, Cultural e UMG. Manter a súa
43 periodicidade bimestral é esencial. A **Secretaría de Zona** coordinará e impulsará a diná-
44 mica de funcionamento e acción social do Partido.

45

46 c) Os organismos centrais do Partido.

47 Sobre o **Comité Central** valoramos positivamente a súa dinámica global. Tamén o funcio-
48 namento das Comisións de traballo que dependen del foron positivas, aínda que nalgún
49 caso precisa maior impulso. Para os próximos anos acreditamos que deben seguir sendo
50 permanentes a **Comisión Sindical, a Agraria, a Cultural, a de Mulleres e a de Organiza-**

1 **ción**, cun Secretario ou **Secretaría Nacional** á súa fronte. A determinación da composición
2 das Comisións será fixada polo Comité Central. A respecto doutras Secretarías que se acor-
3 dou constituír neste período, e á luz da experiencia, consideramos de interese manter a de
4 **Relacións Internacionais** e a de **Formación**.

5
6 Sobre o **Secretariado Político** e a súa dinámica de funcionamento detectamos que é neces-
7 sario unha maior interrelación coas Zonas do Partido e coas áreas de traballo do mesmo.
8 É crucial que as decisións e valoracións dos organismos intermedios e de base sexan coñe-
9 cidos na dirección con rapidez, así como que os Comités de Zona e a militancia do Partido
10 teña información contrastada dos acordos que se toman nos órganos de dirección. Este
11 obxectivo debe ser compatíbel cun organismo equilibrado na súa composición, política-
12 mente preparado e áxil.

13
14 **3.3.- Simpatizantes.**

15
16 Un dos elementos máis salientábeis do traballo feito nestes anos polo Partido é a mellora
17 da relación coa súa base de simpatizantes. Este traballo, feito a nivel local e comarcal, é
18 imprescindible para que a UPG sexa un referente político e ideolóxico. O traballo cons-
19 tante cos mesmos, a organización de actos explicativos e informativos de xeito periódico,
20 son xa –e deben aprofundarse no futuro- un elemento consubstancial da actividade diaria do
21 noso Partido. A nosa capacidade de influencia está en relación directa co noso activismo
22 social. Esta dinámica non pode obviar a outra necesidade que temos: o traballo proselitis-
23 ta. Incorporar novos e novas militantes ao Partido, á vez que os mesmos tamén fan traba-
24 llo político na sociedade e logran novos simpatizantes son a garantía dun Partido vivo, con
25 continuidade no tempo, útil e actuante socialmente.

26
27 **4.- A FUNDACIÓN.**

28
29 A promoción da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas coidamos que foi un
30 acerto. Permitiu que un grupo de traballo autónomo da UPG, mais vinculado ideolóxico
31 e politicamente, tivese un instrumento co que poder realizar un labor intelectual tremen-
32 damente necesario para a sociedade galega e útil politicamente para o nacionalismo. As
33 deficiencias veñen dadas pola insuficiente popularización das publicacións e materiais
34 producidos pola Fundación. É aí onde o Partido xoga un papel fundamental, tanto nas pre-
35 sentacións públicas de libros, revistas, audiovisuais como na introdución e divulgación
36 personalizada dos mesmos. Existe un desfase entre unha necesidade sentida por toda a
37 militancia de ter elementos de formación e información política e que cando dispomos
38 dos mesmos –coas limitacións que poidan ter-, non se colabora dabondo na súa promo-
39 ción. Esta cuestión, conxuntamente con animar a militantes e simpatizantes do Partido a
40 dinamizaren e a participaren nas liñas de traballo da Fundación (publicacións impresas,
41 audiovisuais, cursos e arquivos) son os retos a afrontar de inmediato.

MODELO DE PRESENTACIÓN DE EMENDAS

PROCEDENCIA

ASEMBLEA DE ZONA:

APARTADO

REGULAMENTO TESES

TIPO DE EMENDA

SUBSTITUCIÓN SUPRESIÓN ENGÁDEGO

LOCALIZACIÓN

PÁXINA/S: _____ LIÑAS/S: _____
DESDE _____ ATÉ _____

PERSOAS PARA A DEFENSA

COMISIÓN Nº 1 _____
COMISIÓN Nº 2 _____
COMISIÓN Nº 3 _____
COMISIÓN Nº 4 _____

TEXTO:

Data e sinatura da Secretaría Política de Zona